


GUÍA DE DEREITOS

para as vítimas de
violencia de xénero
e violencias sexuais



MINISTERIO
DE IGUALDAD

SECRETARÍA DE ESTADO
DE IGUALDAD
Y PARA LA ERRADICACIÓN
DE LA VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO
CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO

<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/informacion-3/derechos/>





Elaborada pola Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero.

2024

Nipo en liña: 048-21-174-2

ÍNDICE

BLOQUE 1: Dereitos específicos das vítimas de violencia de xénero.....	7
1. Dereitos específicos das vítimas de violencia de xénero.....	8
1.1. Quen é vítima de violencia de xénero?	8
1.2. Como se demostra a situación de violencia de xénero?.....	8
1.3. Dereito á información.....	9
1.3.1. Servizo de información e de asesoramento xurídico	9
1.3.2. Web de recursos de apoio e prevención en casos de violencia de xénero.....	10
1.4. Dereito á asistencia social integral	10
1.5. Dereito á atención sanitaria.....	12
1.6. Dereito á asistencia xurídica gratuíta, inmediata e especializada	12
1.7. Dereitos laborais	13
1.7.1. Dereitos das traballadoras por conta allea.....	13
1.7.2. Dereitos das traballadoras autónomas economicamente dependentes.....	14
1.8. Dereitos en materia de Seguridade Social.....	15
1.8.1. Dereitos en materia de cotización á Seguridade Social	15
1.8.2. Dereitos en materia de prestacións da Seguridade Social.....	15
1.9. Dereitos en materia de emprego para a inserción laboral	18
1.9.1. Programa específico de emprego	18
1.9.2. Contrato de interinidade para a substitución de traballadoras vítimas de violencia de xénero.....	18
1.9.3. Incentivos para as empresas que contraten vítimas de violencia de xénero	18
1.10. Dereitos das funcionarias públicas.....	19
1.11. Dereitos económicos.....	20
1.11.1 Axuda económica específica para mulleres vítimas de violencia de xénero con especiais dificultades para obter un emprego.....	20
1.11.2. Renda activa de inserción	21
1.11.3. Acceso ao subsidio por desemprego polas persoas vítimas de violencia de xénero	21

1.11.4. Anticipos por impagamento de pensións alimenticias.....	22
1.11.5. Ingreso Mínimo Vital.....	23
1.11.6. Prioridade no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para persoas maiores.....	23
1.12. Dereito á reparación.....	24
1.13. Dereito á escolarización inmediata.....	25
1.14. Bolsas e axudas ao estudo	25
1.15 Particularidades do empadramento por razóns de seguridade.....	25
1.16. Dereito ao cambio de apelidos ou de identidade	26
2. Dereitos das mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero	26
2.1. Situación de residencia en España das mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero	26
2.1.1. Mulleres estranxeiras que teñan a condición de familiares de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.....	27
2.1.2. Mulleres estranxeiras non comunitarias: poden ser titulares dalgún dos dous tipos de autorizacións de residencia e traballo específicas por razón de violencia de xénero seguintes:	27
2.1.3. A autorización de residencia temporal e traballo por conta allea da que sexa titular unha muller estranxeira renovarase ao expirar nos supostos de extinción do contrato de traballo ou suspensión da relación laboral como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.....	28
2.2. Protección das mulleres estranxeiras en situación irregular vítimas de violencia de xénero.....	29
2.3. Dereito á protección internacional.....	29
3. Dereitos das mulleres españolas vítimas de violencia de xénero fóra do territorio nacional.....	30
BLOQUE 2: Dereitos específicos das vítimas de violencias sexuais.....	31
1. Dereitos específicos das vítimas de violencias sexuais.....	32
1.1. Quen é vítima de violencias sexuais?	32
1.2. Como se acreditan as violencias sexuais?.....	32
1.3. Dereito á información.....	33
1.3.1. Servizo 016 de información e asesoramento xurídico.....	33
1.3.2. Web de recursos de apoio e prevención perante casos de violencias sexuais.....	34

1.3.3. Centros de crise.....	34
1.3.4. ATENPRO.....	34
1.4. Dereito á práctica forense dispoñible, accesible e especializada.....	35
1.5. Dereito á asistencia integral especializada e accesible.....	35
1.6. Dereito á asistencia xurídica gratuíta.	36
1.7. Dereitos laborais.....	37
1.7.1. Dereitos das traballadoras por conta allea.....	37
1.7.2. Dereitos das traballadoras autónomas economicamente dependentes.....	38
1.8. Dereitos en materia de Seguridade Social.....	39
1.8.1. Dereitos en materia de cotización á Seguridade Social.....	39
1.8.2. Dereitos en materia de prestacións da Seguridade Social.....	39
1.9. Dereitos en materia de emprego e para a inserción social.....	41
1.9.1. Programa específico de emprego.....	41
1.9.2. Contrato de interinidade para a substitución de traballadoras vítimas de violencias sexuais.....	41
1.10. Dereitos das funcionarias públicas.....	42
1.11. Dereitos económicos.....	43
1.11.1. Axudas económicas ás vítimas de violencias sexuais.....	43
1.11.2. Renda Activa de Inserción.....	44
1.11.3. Acceso ao subsidio por desemprego polas persoas vítimas de violencias sexuais.....	45
1.11.4. Ingreso Mínimo Vital.....	45
1.11.5. Prioridade no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para persoas maiores.....	46
1.12. Dereito á reparación.....	47
1.13. Bolsas e axudas ao estudo.....	47
2. Dereitos das vítimas de violencias sexuais estranxeiras.....	49
2.1. Protección das vítimas de violencia sexuais estranxeiras en situación irregular.....	49
2.2. Dereito á protección internacional.....	50
3. Dereitos das vítimas de violencias sexuais españolas fóra do territorio nacional.....	51

BLOQUE 3: Dereitos das vítimas do delito dos que tamén son titulares as vítimas de violencia de xénero e as vítimas de violencias sexuais.....	52
1. Dereitos do Estatuto da vítima do delito.....	53
2. Dereito a formular denuncia	54
3. Dereito das vítimas á protección durante o proceso xudicial	54
3.1. No ámbito da violencia de xénero	54
3.2. No ámbito das violencias sexuais	56
4. Dereito a solicitar unha orde europea de protección.....	56
5. Dereito a ser parte no procedemento penal: o ofrecemento de accións.....	57
6. Dereito á restitución da cousa, reparación do dano e indemnización do prexuízo causado	58
7. Dereito a recibir información sobre as actuacións xudiciais	58
8. Dereito á protección da dignidade e intimidade da vítima no marco dos procesos relacionados coa violencia de xénero e violencias sexuais	59
9. Axudas ás vítimas de delitos considerados violencia de xénero e violencias sexuais	60
TELÉFONOS DE INFORMACIÓN.....	62

BLOQUE 1

Dereitos das vítimas de violencia de xénero

L A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

(B.O.E. núm. 313, do 29 de decembro de 2004), consagra e garante ás mulleres que son ou foron vítimas de violencia de xénero unha serie de dereitos, co obxectivo de que poidan poñer fin á relación violenta e recuperar o seu proxecto de vida.

Estes dereitos son universais, no sentido de que todas as mulleres que sofren ou sufriron algún acto de violencia de xénero os teñen garantidos, independentemente da súa orixe, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

1. Dereitos específicos das vítimas de violencia de xénero

1.1. Quen é vítima de violencia de xénero?

Artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Para os efectos da Lei Orgánica 1/2004, é vítima de violencia de xénero **a muller que é obxecto de calquera acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións contra a liberdade sexual, ameazas, coaccións ou privación arbitraria de liberdade, exercida sobre ela por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou de quen estea ou estivese ligado a ela por relacións semellantes de afectividade, aínda sen convivencia.**

Esta forma de violencia contra as mulleres é unha **violación dos dereitos humanos** e unha expresión da discriminación, a situación de **desigualdade** e **as relacións de poder dos homes sobre as mulleres.**

Ademais, **os seus fillos e fillas menores de idade e os/as menores de idade suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia son vítimas desta violencia** e a Lei Orgánica 1/2004 recoñécelles toda unha serie de dereitos recollidos nos artigos 5, 7, 14, 19.5, 61.2, 63, 65, 66 e na Disposición Adicional 17ª.

A violencia de xénero tamén abrangue (segundo a modificación efectuada pola Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia perante a violencia) **a violencia que, co fin de causar dano ou prexuízo ás mulleres, é exercida contra os seus familiares ou persoas achegadas menores de idade** por parte dunha persoa que é ou foi o seu cónxuxe ou que estivese ligada a ela cunha relación similar de afectividade, mesmo sen convivencia.

1.2. Como se demostra a situación de violencia de xénero?

Artigos 23, 26 e 27.3 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Con carácter xeral, a situación de violencia de xénero que dá lugar ao recoñecemento dos dereitos correspondentes é acreditada por medio **dunha sentenza condenatoria por un delito de violencia de xénero, unha orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar a favor da vítima,** ou ben polo informe do Ministerio Fiscal que sinala a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero.

A situación de violencia de xénero tamén poderá ser acreditada por medio de **informe dos servizos sociais, dos servizos especializados, ou dos servizos de acollida** destinados a vítimas de violencia de xénero da Administración Pública competente; ou por calquera outro título, sempre que isto estea recollido nas disposicións normativas de carácter sectorial que regulen o acceso a cada un dos dereitos e recursos.

Para a acreditación da situación de violencia de xénero para os efectos do artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, na Conferencia Sectorial de Igualdade, celebrada o 3 de abril de 2019, aprobouse **unha relación de servizos sociais, servizos especializados ou servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de xénero** que teñen capacidade para acreditar a condición de

vítima de violencia de xénero, así como un modelo común de acreditación para que as distintas Administracións autonómicas procedan, de forma homoxénea, á acreditación administrativa da condición de vítima de violencia de xénero. A Conferencia Sectorial de Igualdade, celebrada o 11 de novembro de 2021, adoptou un Acordo polo que se aproban os procedementos básicos que permiten a posta en marcha dos sistemas de acreditación das situacións de violencia de xénero e actualizou o modelo de Informe e os organismos que en cada Comunidade Autónoma emiten as acreditacións de carácter administrativo. Esta acreditación permite o acceso das vítimas de violencia de xénero aos dereitos regulados no Capítulo II "Dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social" da Lei Orgánica 1/2004 e tamén a todos os dereitos, recursos e servizos recoñecidos na normativa estatal que lles resulte de aplicación, cuxas disposicións normativas de carácter sectorial contemplan e regulen o acceso a cada un deles, incluíndo, entre os requisitos esixidos, a acreditación da situación de violencia de xénero mediante informe dos servizos sociais, dos servizos especializados ou dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de xénero da Administración Pública competente.

No caso de vítimas menores de idade, a acreditación poderá ser realizada, ademais, por documentos sanitarios oficiais de comunicación á Fiscalía ou ao órgano xudicial.

A información sobre esta acreditación está dispoñible na páxina [web da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero](#).

1.3. Dereito á información

Artigo 18 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

O dereito a recibir información está garantido polos seguintes medios:

1.3.1. Servizo de información e de asesoramento xurídico

- Servizo **gratuíto e confidencial** que ofrece **información, asesoramento xurídico e atención psicosocial inmediata en todas as formas de violencia contra as mulleres incluídas no Convenio de Istambul**, incluída, polo tanto, a violencia de xénero nos termos da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro.
- O servizo é accesible a través de catro canles:
 - Polo número de teléfono curto: **016**.
 - Por correo electrónico: 016-online@igualdad.gob.es.
 - Por WhatsApp: número **600 000 016**, exclusivo para WhatsApp porque non admite chamadas de teléfono.
 - Por chat: a través da web da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/home.htm>
- A información e a atención psicosocial inmediata están dispoñibles **as 24 horas** do día, **os 365 días** do ano. O **asesoramento xurídico** está dispoñible de **8 a 22 horas**, de luns a domingo.
- **Accesible ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala** por varios medios: a través do número de teléfono **900 116 016**; **Servizo Telesor** a través da propia [páxina web de Telesor](#); en cuxo caso é necesaria unha conexión a

Internet; por medio dun teléfono móbil ou unha PDA coa instalación dunha aplicación gratuíta; a través do Servizo de videointerpretación [SVIsual](#); por WhatsApp: 600 000 016; ou por Correo electrónico: 016-online@igualdad.gob.es.

- **Accesible ás persoas estranxeiras** mediante a atención, ademais de en castelán e das linguas cooficiais, nas seguintes linguas:
 - Teléfono, durante 24 horas, 7 días, en 53 idiomas: galego, castelán, éuscaro, valenciano, catalán, inglés, francés, alemán, portugués, chinés mandarín, ruso, árabe, romanés, búlgaro, afgán, albanés, armenio, bambara, bérber, bosnio, cantonés, checo, coreano, danés, esloveno, eslovaco, farsi, finés, xeorxiano, grego, hindi, holandés, húngaro, italiano, xaponés, lituano, mandinga, noruegués, persa, polaco, portugués, pular, serbocroata, sirio, soninké, sueco, tailandés, taiwanés, tamazight, turco, ucraíno, urdú, wolof.
 - Correo electrónico e WhatsApp, durante 24 horas, 7 días: galego, castelán, éuscaro, valenciano, catalán, inglés, francés, alemán, portugués, chinés, mandarín, ruso, árabe, romanés, búlgaro, italiano.
- Derivación das chamadas nos seguintes supostos:
 - Cando se trate de chamadas referidas a situacións de emerxencia, serán derivadas ao teléfono **112**.
 - Cando se trate de chamadas de información xeral sobre cuestións relativas á igualdade das mulleres, serán derivadas ao **Instituto das Mulleres**.
 - Cando se trate de chamadas que requiran información específica relacionada **cunha Comunidade Autónoma**, serán derivadas ao teléfono autonómico correspondente.
 - As chamadas realizadas por persoas menores de idade serán derivadas ao Teléfono **ANAR** de Axuda a Nenos e Adolescentes.

O servizo do 016 ten categoría de servizo esencial, polo que, no caso de que se produza algunha situación que dificulte o acceso ou a prestación destes servizos, as Administracións públicas competentes adoptarán as medidas necesarias para garantir o seu normal funcionamento e adaptación.

1.3.2. Web de recursos de apoio e prevención en casos de violencia de xénero

Está dispoñible na [páxina web da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero](#).

Permite a localización sobre mapas activos dos diferentes recursos (policiais, xudiciais, información, atención, asesoramento, etc.) que as Administracións públicas e as entidades sociais puxeron a disposición da cidadanía e das vítimas de violencia de xénero.

1.4. Dereito á asistencia social integral

Artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Artigo 156 do Código Civil

As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia social integral que inclúe **servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral**, que teñen de responder aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia e restablecer a situación na que estaba a vítima antes de padecela ou, polo menos, paliar os seus efectos.

A través deles posibilitáase que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden realizar e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que se poden dirixir para obter asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- Logren a súa formación, inserción ou reinserción laboral, e reciban apoio psicosocial ao longo de todo o itinerario de recuperación integral coa finalidade de evitar a dobre vitimización.

Os servizos de acollida e asistencia social integral, consistentes en orientación xurídica, psicolóxica e social destinadas ás vítimas de violencia contra as mulleres terán carácter de servizos esenciais. Por iso, perante algunha circunstancia que dificulte o acceso ou a prestación destes servizos, as Administracións públicas competentes adoptarán as medidas necesarias para garantir o seu normal funcionamento e adaptación.

O dereito á asistencia social integral é recoñecido tamén aos/ás **menores de idade** que moran en ámbitos familiares onde existe violencia de xénero. Os servizos sociais deben contar cun número suficiente de prazas previstas para os/as menores de idade, con persoal con formación específica na súa atención e profesionais da psicoloxía infantil, para previr e evitar de forma eficaz as situacións que poidan ocasionarlles danos psíquicos e físicos.

Para a atención e asistencia psicolóxica dos fillos e fillas menores de idade, cando se dite unha sentenza condenatoria e mentres non se extinga a responsabilidade penal; ou cando se iniciase un procedemento penal contra un dos proxenitores por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade sexual dos fillos ou fillas comúns menores de idade; ou por atentar contra o outro proxenitor; abondará o consentimento deste, debendo o primeiro ser informado previamente. Se houberse que prestar a asistencia aos fillos e fillas maiores de dezaseis anos, será necesario, en todo caso, o consentimento expreso destes.

A organización dos servizos para facer efectivo este dereito correspóndelles ás Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla, e ás Corporacións Locais.

Para estes efectos, o Protocolo de derivación entre as Comunidades Autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas, adoptado en 2014, facilita a mobilidade das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas, entre centros de acollida de distintas Comunidades Autónomas, ben por razóns de seguridade da muller ou dos menores ao seu cargo, ben para favorecer a súa recuperación social.

1.5. Dereito á atención sanitaria

Artigo 19 bis da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducido pola Disposición Final Novena da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

As mulleres vítimas de violencia de xénero, así como os seus fillos e fillas, teñen **dereito á atención sanitaria**, incluída a atención psicolóxica e psiquiátrica, e **o seguimento da evolución do seu estado de saúde ata a súa total recuperación**, no tocante á sintomatoloxía ou secuelas psíquicas e físicas derivadas da situación de violencia sufrida.

Os servizos sanitarios contarán con psicólogos infantís para a atención dos fillos e fillas menores que sexan vítimas de violencia vicaria.

Estes servizos serán prestados garantindo **a privacidade e a intimidade das mulleres**, e o respecto, en todo caso, **ás decisións que elas tomen na súa atención sanitaria**. Así mesmo, estableceranse medidas específicas para a detección, intervención e asistencia en situacións de violencia contra mulleres con discapacidade, mulleres con problemas de saúde mental, adiccións ou outros problemas ou casos de adiccións derivadas ou engadidas á violencia.

1.6. Dereito á asistencia xurídica gratuíta, inmediata e especializada

Artigo 20 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero
Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de Asistencia Xurídica Gratuíta

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito á **asistencia xurídica gratuíta, independentemente da existencia de recursos para litigar, que lles será prestada decontado**, naqueles procesos xudiciais e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na violencia padecida.

Este dereito asistirá tamén aos transmisores no caso de falecemento da vítima, sempre que non fosen partícipes dos feitos.

Para os efectos da concesión do beneficio da xustiza gratuíta, **a condición de vítima será adquirida cando se formule denuncia ou querela, ou se inicie o procedemento penal, e manterase mentres permaneza en vigor o procedemento penal ou cando, após a súa finalización, se ditase sentenza condenatoria**. O beneficio de xustificación gratuíta perderase no caso de sentenza absolutoria firme ou arquivo firme do procedemento penal, sen a obriga de aboar o custo das prestacións gozadas de balde até ese momento.

Nos distintos procesos que se poidan iniciar como consecuencia da condición de vítima de violencia de xénero, deberá ser a mesma persoa profesional da Avogacía a que asista a esta, sempre que desa forma se garanta debidamente o seu dereito de defensa.

A persoa profesional da Avogacía designada para a vítima terá tamén habilitación legal para a representación procesual daquela ata a designación da persoa profesional da Procura, sempre que a vítima non comparecese como acusación. Ata entón, cumprirá a persoa profesional da Avogacía o deber de designación de domicilio para os efectos de notificacións e traslados de documentos.

As vítimas de violencia de xénero **poderán comparecer como acusación particular en calquera momento do procedemento**, aínda que iso non permitirá retroceder nin reiterar as actuacións xa realizadas antes da súa comparecencia, nin poderá supor unha diminución do dereito de defensa do acusado.

Os respectivos Colexios de Avogados contarán **cunha quenda de garda permanente especializada** para a prestación dos servizos de asesoramento previo e de asistencia letrada para as vítimas de violencia de xénero.

O dereito á asistencia xurídica gratuíta abrangue, entre outras, as seguintes prestacións:

- **Asesoramento e orientación gratuítos** previos ao proceso e, en particular, no momento inmediatamente previo á interposición de denuncia.
- **Defensa e representación gratuítas** por avogado e procurador en todos os procesos e procedementos administrativos.
- **Inserción gratuíta de anuncios ou editos**, no transcurso do proceso, en xornais oficiais.
- **Exención do pagamento de taxas xudiciais**, así como o pagamento de depósitos necesarios para a interposición de recursos.
- **Asistencia pericial gratuíta** no proceso a cargo do persoal técnico adscrito aos órganos xurisdicionais ou, no seu defecto, a cargo de funcionarios, organismos ou servizos técnicos dependentes das Administracións públicas.
- **Obtención gratuíta ou redución do 80% dos dereitos arancelarios** dos documentos notariais.

1.7. Dereitos laborais

Artigo 21 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

O recoñecemento de dereitos laborais ás mulleres vítimas de violencia de xénero ten como finalidade evitar que, por mor da violencia que sofren, abandonen o mercado laboral. Para iso, recoñécenselles dereitos encamiñados a procurar a **conciliación laboral** coa situación de violencia de xénero, garántese a **súa protección se se ven obrigadas a abandonar o seu posto** de traballo, ben con carácter temporal, ben con carácter definitivo, e procúrase a **súa inserción laboral** no caso de que non estivesen empregadas.

1.7.1. Dereitos das traballadoras por conta allea¹

Artigos 37.8, 40.4, 45.1.n), 48.10, 49.1.m), 53.4 e 55.5 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro

Real Decreto-lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia

- **Dereito á redución da xornada de traballo** con diminución proporcional do salario ou á **reordenación do tempo de traballo**, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación

¹ Os Convenios Colectivos e os Acordos de empresa poden contemplar melloras destes dereitos

do tempo de traballo que se utilicen na empresa, para que a muller faga efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.

- **Dereito á mobilidade xeográfica:** as mulleres que se vexan obrigadas a abandonar o seu posto de traballo na localidade onde viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo. A empresa reservaralle o posto de traballo que ocupaba anteriormente durante os primeiros 6 meses.
- **Dereito á suspensión do contrato de traballo** por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero, con reserva do posto de traballo. Cando se produza a reincorporación, esta realizarase nas mesmas condicións existentes no momento da suspensión do contrato de traballo, garantindo os axustes razoables que por razón de discapacidade poidan ser requiridos.
- **Dereito á extinción do contrato de traballo** por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar definitivamente o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.
- **Dereito a realizar o seu traballo total ou parcialmente a distancia ou a deixar de facelo** se este fose o sistema establecido, sempre en ambos os casos que esta modalidade de prestación de servizos sexa compatible co posto e funcións desempeñadas.
- **As ausencias ou faltas de puntualidade** ao traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero, acreditada polos servizos sociais de atención ou servizos de saúde, segundo for o caso, consideraranse xustificadas.
- **Nulidade da resolución extintiva do contrato** no suposto das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou suspensión da relación laboral, nos termos e condicións recoñecidos no Estatuto dos Traballadores.
- **Nulidade do despedimento disciplinario** no suposto das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou suspensión da relación laboral, nos termos e condicións recoñecidos no Estatuto dos Traballadores.

1.7.2. Dereitos das traballadoras autónomas economicamente dependentes

Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo

Art. 21 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

- Dereito á **adaptación do horario da actividade**.
- Dereito á **extinción da relación contractual**.
- Considerarase causa xustificada **de interrupción da actividade** por parte da traballadora a situación de violencia de xénero.
- As traballadoras, por conta propia, que sexan vítimas de violencia de xénero e cesen na súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, serán consideradas en **situación de cesamento**

temporal de actividade, nos termos previstos no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

- **Reducións na cotización á Seguridade Social** para as vítimas de violencia de xénero que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos 2 anos inmediatamente anteriores, contados a partir da data de efectos da alta, no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

1.8. Dereitos en materia de Seguridade Social

1.8.1. Dereitos en materia de cotización á Seguridade Social

Artigo 165,5 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

Disposición adicional única do Real Decreto 1335/2005, do 11 de novembro, polo que se regulan as prestacións familiares da Seguridade Social

- O período de suspensión do contrato de traballo con reserva do posto de traballo previsto para as traballadoras por conta allea terá a consideración de **período de cotización efectiva**, para os efectos das correspondentes prestacións da Seguridade Social por xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade, desemprego e coidado de menores afectados por cancro ou outra doenza grave

Artigo 21.5 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero Artigo 329 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- **Suspensión da obriga de cotizar** á Seguridade Social durante un período de seis meses para as traballadoras por conta propia ou autónomas que cesen a súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.

Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social

- Subscrición de convenio especial coa Seguridade Social por parte das traballadoras vítimas de violencia de xénero que reducen a súa xornada laboral con diminución proporcional do salario.

1.8.2. Dereitos en materia de prestacións da Seguridade Social

Real Decreto 295/2009, do 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural

- Para os efectos das prestacións por maternidade e por paternidade, serán consideradas **situacións equiparables á da alta** os períodos considerados como de cotización efectiva respecto das traballadoras por conta allea e por conta propia que sexan vítimas de violencia de xénero.

Artigo 207 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- Dereito á **pensión de xubilación anticipada** por causa non imputable ao traballo das mulleres que extingan o seu contrato de traballo como consecuencia de ser vítimas de violencia de xénero, e reúnan os requisitos esixidos.

Artigo 207 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- Dereito á **pensión de viuvez** nos supostos de separación, divorcio, nulidade matrimonial ou extinción da parella de feito das mulleres vítimas de violencia de xénero que, aínda que non sexan acreedoras da pensión compensatoria, acrediten os requisitos esixidos.

Disposición adicional primeira da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Artigo 231 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro)

- **Impedimento para ser beneficiario da pensión de viuvez a quen fose condenado por sentenza firme** pola comisión dun crime doloso de homicidio en calquera das súas formas ou de lesións cando a vítima fose o seu cónxuxe ou excónxuxe, ou parella ou exparella de feito.
- Así mesmo, non se recoñecerá o dereito ao complemento económico ao pai que fose privado da patria potestade por sentenza fundada no incumprimento dos deberes inherentes a esta ou ditada en causa penal ou matrimonial.

Real Decreto-lei 3/2021, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas para a redución da disparidade de xénero e outras materias nos eidos da Seguridade Social e económico

- **Impedimento para ser beneficiario do dereito ao complemento** de pensións contributivas para a redución da disparidade de xénero ao pai que fose condenado por violencia contra a muller, nos termos definidos pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, exercida sobre a nai, nin ao pai que fose condenado por exercer violencia contra os fillos ou fillas.
- Así mesmo, non se recoñecerá o dereito ao complemento económico ao pai que fose privado da patria potestade por sentenza fundada no incumprimento dos deberes inherentes a esta ou ditada en causa penal ou matrimonial.

Artigos 224 e 233 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

Lei 3/2019, do 1 de marzo, para mellorar a situación de orfandade das fillas e fillos de vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller

- Dereitos en materia de **orfandade**:

Pensión de orfandade: teñen dereito a ela os fillos e fillas da muller falecida, calquera que for a natureza da súa filiación, sempre que, no momento do falecemento, sexan menores de vinte e un anos ou estean incapacitados para o traballo, ou sexan menores de vinte e cinco e non efectúen un traballo lucrativo por conta allea ou por conta propia, ou cando efectuándoo, os ingresos que obteña foren inferiores, en cómputo anual, á contía vixente para o

salario mínimo interprofesional (SMI), tamén en cómputo anual, e que a muller estivese en alta ou situación equiparable á da alta, ou fose.

As fillas e fillos terán dereito ao incremento previsto para os casos de orfandade absoluta, que atinxirá o 70 por cento da base reguladora cando os rendementos da unidade familiar non superen o 75 por cento do SMI vixente en cada momento.

Prestación de orfandade: teñen dereito a ela as fillas e fillos da muller falecida como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos definidos pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, sempre que estean en circunstancias equiparables a unha orfandade absoluta e non reúnan os requisitos necesarios para causar unha pensión de orfandade. Poderá ser beneficiario da prestación de orfandade, sempre que na data do falecemento fose menor de vinte e cinco anos, non efectúe un traballo lucrativo por conta allea ou propia ou cando, efectuándoo, os ingresos que obteña resulten inferiores, en cómputo anual, á contía vixente para o SMI, tamén en cómputo anual.

A contía da prestación por orfandade será o 70 por cento da súa base reguladora, sempre que os rendementos da unidade familiar non superen en cómputo anual o 75 por cento do SMI vixente en cada momento.

O dereito á pensión ou á prestación de orfandade non se suspenderá no suposto de adopción dos fillos e fillas da causante falecida como consecuencia de violencia sobre a muller, sempre que os rendementos da unidade de convivencia na que se integran, divididos polo número de membros que a compoñen, incluídas as persoas orfas adoptadas, non superen en cómputo anual o 75 por cento do SMI vixente en cada momento, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Así mesmo, cando o falecemento fose producido por un agresor distinto do proxenitor dos fillos e fillas da causante, tamén se poderá recoñecer o dereito á pensión de orfandade, se for o caso, a prestación de orfandade cando se cumpran os requisitos.

Artigo 21.2 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero Artigo 267 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro)

- Para ter dereito á prestación por desemprego, ademais de reunir os requisitos esixidos, considérase que a traballadora por conta allea está en situación legal de desemprego cando extinga ou suspenda o seu contrato de traballo voluntariamente como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

Artigos 331 e 332 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro

- Para ter dereito á protección por cesamento de actividade, ademais de reunir os requisitos esixidos, considérase que a traballadora autónoma está en situación legal de cesamento de actividade, cando cese no exercicio da súa actividade, de maneira temporal ou definitiva, por causa da violencia de xénero.

Artigo 335 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro

- Para ter dereito á protección por cesamento de actividade, ademais de reunir os requisitos esixidos, considérase que as socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado están en situación legal de cesamento de actividade, cando cesen, con carácter definitivo ou temporal, na prestación de traballo, por causa da violencia de xénero.

1.9. Dereitos en materia de emprego para a inserción laboral

1.9.1. Programa específico de emprego

Artigo 22 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero

O programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, inscritas como demandantes de emprego nos Servizos Públicos de Emprego, inclúe as seguintes medidas:

- **Itinerario de inserción sociolaboral**, individualizado e realizado por persoal especializado.
- **Programa formativo específico** para promover a inserción sociolaboral por conta allea.
- **Incentivos** para favorecer o **inicio dunha nova actividade** por conta propia.
- **Incentivos para as empresas** que contraten vítimas de violencia de xénero.
- **Incentivos** para facilitar a **movilidade xeográfica**.
- **Incentivos para compensar diferenzas salariais**.
- **Convenios con empresas** para facilitar a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero e a súa mobilidade xeográfica.

1.9.2. Contrato de interinidade para a substitución de traballadoras vítimas de violencia de xénero

Artigo 21.3 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

As empresas que formalicen contratos de interinidade para substituír as traballadoras vítimas de violencia de xénero, que suspendesen o seu contrato de traballo ou exercitado o seu dereito á mobilidade xeográfica ou ao cambio de centro de traballo, teñen dereito a unha bonificación da cota empresarial á Seguridade Social.

1.9.3. Incentivos para as empresas que contraten vítimas de violencia de xénero

Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego

Disposición final primeira do Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro

As empresas que contraten mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a bonificacións da cota empresarial á Seguridade Social, diferentes en función do carácter indefinido ou temporal do contrato celebrado.

1.10. Dereitos das funcionarias públicas

Artigos 24 a 26 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

As funcionarias ao servizo das seguintes Administracións Públicas: Administración Xeral do Estado, Administracións das Comunidades Autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, Administracións das Entidades locais, organismos públicos, axencias e demais entes de dereito público con personalidade xurídica propia, ligadas ou dependentes de calquera das Administracións Públicas, e Universidades Públicas, teñen os seguintes dereitos:

- **Permiso por razón de violencia de xénero sobre a muller funcionaria:** as faltas de asistencia das funcionarias vítimas de violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde segundo proceda.

As funcionarias vítimas de violencia, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, terán **dereito á redución da xornada** con diminución proporcional da retribución, ou a reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que para estes supostos estableza o plan de igualdade de aplicación ou, na súa ausencia, a Administración Pública competente en cada caso. A funcionaria pública manterá as súas retribucións íntegras cando reduza a súa xornada nun terzo ou menos.

- **Mobilidade por razón de violencia de xénero:** as mulleres vítimas de violencia de xénero que se vexan obrigadas a abandonar o posto de traballo na localidade onde viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o dereito á asistencia social integral, terán dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional, de análogas características, sen necesidade de que sexa vacante de necesaria cobertura. Aínda así, neses supostos, a Administración Pública competente estará obrigada a comunicarlle as vacantes situadas na mesma localidade ou nas localidades que a interesada expresamente solicite.

Este traslado terá a consideración de traslado forzoso.

O procedemento de mobilidade está regulado na Resolución do 25 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se establece o procedemento de mobilidade das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero da Administración Xeral do Estado, así como dos Organismos, Axencias e outras Entidades Públicas adscritas ou dependentes desta.

Mediante a Resolución do 16 de novembro de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, publícase o Acordo da Conferencia Sectorial de Administración Pública, polo que se aproba o Acordo para favorecer a mobilidade interadministrativa das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero.

- **Excedencia por razón de violencia de xénero:** as funcionarias vítimas de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito a solicitar a situación de excedencia sen ter que prestar un tempo mínimo de servizos previos e sen que sexa esixible prazo de permanencia nesta.

Os dereitos doutro tipo de persoal están establecidos na súa lexislación específica propia, como é o caso, entre outros, do persoal docente, do persoal estatutario dos Servizos de Saúde ou do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza.

1.11. Dereitos económicos

1.11.1 Axuda económica específica para mulleres vítimas de violencia de xénero con especiais dificultades para obter un emprego

Artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Real Decreto 1452/2005, do 2 de decembro. A normativa relativa ao procedemento de tramitación é a que ao respecto aprobouse a Comunidade ou Cidade Autónoma na que se solicite a axuda

É unha **axuda económica dirixida ás mulleres vítimas de violencia** de xénero que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- Ter especiais dificultades para obter un emprego, dada a súa idade, falta de preparación xeral ou especializada ou as súas circunstancias sociais, o que se acredita mediante o informe emitido polo Servizo Público de Emprego correspondente.

Esta axuda económica abóase nun único pagamento, e o seu importe, calculado en función dun número de mensualidades do subsidio por desemprego correspondente, depende de se a muller ten ou non familiares ao seu cargo, e de se a propia muller e/ou os familiares ao seu cargo teñen recoñecido un grao de discapacidade.

Esta axuda é compatible coas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de Axudas e Asistencia ás Vítimas de Delitos Violentos e contra a Liberdade Sexual, así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero.

Por outro lado, é incompatible con outras axudas que cumpran a mesma finalidade, así como coa participación no programa de Renda Activa de Inserción.

Esta non ten en ningún caso a consideración de renda ou ingreso computable para efectos de percibir pensións non contributivas.

1.11.2. Renda activa de inserción

Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de Renda Activa de Inserción para persoas desempregadas con necesidades económicas especiais e dificultade para encontrar emprego

Real Decreto-lei 2/2024, do 21 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para a simplificación e mellora do nivel asistencial da protección por desemprego e para completar a transposición da Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre a conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os cuidadores, e pola que se derroga a Directiva 2010/18/UE do Consello

É unha **axuda económica** que se recoñece ás **persoas desempregadas** incluídas no chamado “**programa de Renda Activa de Inserción**”, a través do que se realizan actuacións dirixidas a **incrementar as oportunidades de inserción no mercado de traballo**.

Para ser incluída no programa de Renda Activa de Inserción e ser beneficiaria desta axuda económica, a muller vítima de violencia de xénero deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditar a súa condición de vítima de violencia de xénero.
- Estar inscrita como demandante de emprego, pero non se lle esixe levar 12 meses inscrita ininterrompidamente como demandante de emprego.
- Non convivir co seu agresor.
- Ser menor de 65 anos, pero non se lle esixe ter 45 ou máis anos de idade.
- Carecer de rendas propias, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do Salario Mínimo Interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- Pode ser beneficiaria dun novo programa de Renda Activa de Inserción aínda que fose beneficiaria doutro programa dentro dos 365 días anteriores á data da solicitude.

A contía da Renda Activa de Inserción é do 80% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) mensual vixente en cada momento.

Ademais, inclúe unha axuda suplementaria de pagamento único se a muller se viu obrigada a cambiar de residencia polas súas circunstancias de violencia de xénero nos 12 meses anteriores á solicitude de admisión no programa ou durante a súa permanencia nel, de contía equivalente ao importe de tres meses da Renda Activa de Inserción.

Esta axuda económica poderá solicitarse ata o 1 de novembro de 2024, momento no que a normativa que a regula perderá a súa vixencia. Non obstante, as vítimas de violencia contra as mulleres poderán solicitar a axuda económica do seguinte apartado.

1.11.3. Acceso ao subsidio por desemprego polas persoas vítimas de violencia de xénero

Disposición adicional quincuaxésima oitava do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social

Real Decreto-lei 2/2024, do 21 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para a simplificación e mellora do nivel asistencial da protección por desemprego e para completar a transposición da Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre a conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os cuidadores, e pola que se derroga a Directiva 2010/18/UE do Consello.

As vítimas de violencia de xénero acreditadas poderán acceder a este subsidio por desemprego, introducido polo Real Decreto-lei 2/2024, do 21 de maio, e que substitúe á Renda Activa de Inserción.

Para iso, deberán reunir unha serie de requisitos, entre os que están:

non ter dereito á prestación por desemprego de nivel contributivo

non ser beneficiarias de 3 dereitos ao programa de Renda Activa de Inserción (agás cando transcorresen máis de tres anos desde que se xerou o primeiro dereito ata que se solicitou este subsidio)

estar inscritas como demandantes de emprego ou carecer de rendas propias (renda durante o mes natural anterior que non supere o 75% do SMI, excluída a parte proporcional de 2 pagas extraordinarias)

A contía do subsidio será igual ao 95% do IPREM durante os 180 primeiros días; ao 90% desde o día 181 ata o 360; e do 80% a partir do día 361.

A duración máxima do subsidio será de 30 meses, agás cando a persoa fose beneficiaria anteriormente dun ou dous dereitos ao programa de Renda Activa de Inserción, nese caso a duración máxima será de 20 e 10 meses, respectivamente.

1.11.4. Anticipos por impagamento de pensións alimenticias

Real Decreto 1618/2007, do 7 de decembro, sobre Organización e Funcionamento do Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos

A través do **Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos** garátese o pagamento de alimentos recoñecidos e impagados establecidos en convenio xudicialmente aprobado ou en resolución xudicial en procesos de separación, divorcio, declaración de nulidade do matrimonio, filiación ou alimentos, mediante o aboamento dunha cantidade que terá a condición de anticipo.

As persoas beneficiarias dos anticipos son, con carácter xeral, os fillos titulares dun dereito de alimentos xudicialmente recoñecido e impagado, que formen parte dunha unidade familiar cuxos recursos e ingresos económicos, computados anualmente e por todos os seus conceptos, non superen a cantidade resultante de multiplicar a contía anual do IPREM, vixente no momento da solicitude do anticipo, polo coeficiente que corresponda en función do número de fillos menores que integren a unidade familiar.

As persoas beneficiarias teñen dereito ao anticipo da cantidade mensual determinada xudicialmente en concepto de pagamento de alimentos, co límite de 100 euros mensuais, que se poderá percibir durante un prazo máximo de dezaioito meses.

No suposto en que a persoa que ostente a garda e custodia dos menores (que é quen solicita e percibe o anticipo) sexa vítima de violencia de xénero, enténdese que existe unha situación de **urxente necesidade** para recoñecer os anticipos do Fondo, polo que se tramitará o procedemento de urxencia, que implica que o prazo para resolver e notificar a solicitude será de dous meses.

1.11.5. Ingreso Mínimo Vital

Real Decreto-lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital

As mulleres vítimas de violencia de xénero poderán ser beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital, cuxa finalidade é **prever o risco de pobreza e exclusión social** das persoas que viven soas ou están integradas nunha unidade de convivencia e carecen de recursos económicos básicos para cubrir as súas necesidades básicas, cando cumpran os requisitos esixidos, aínda que:

- Non se lles esixirá o requisito de idade (con carácter xeral, o IMV é para persoas de polo menos 23 anos), só se esixirá ser maior de idade.
- Non están obrigadas a estar unidas por matrimonio ou parella de feito.
- Non se lles esixe o requisito de formar parte doutra unidade de convivencia. Ademais, considerarase unha unidade de convivencia a constituída por unha persoa vítima de violencia de xénero que abandonase o seu domicilio habitual acompañada dos seus fillos/as ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente, e os seus familiares ata o segundo grao por consanguinidade, afinidade ou adopción.
- Non se lles esixe ter iniciados os trámites de separación ou divorcio.
- Non se lles esixirá ter residencia en España cando acrediten a situación de violencia de xénero por calquera dos medios establecidos no artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

1.11.6. Prioridade no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para persoas maiores

Artigo 28 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e o aluguer social

Real Decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono de Aluguer Xove e o Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025

As mulleres vítimas de violencia de xénero constitúen un colectivo con **dereito a protección preferente no acceso á vivenda**:

- Posibilidade de acollerse á suspensión dos lanzamentos sobre vivendas habituais, acordados nun proceso xudicial ou extraxudicial de execución hipotecaria.
- Posibilidade de acceder ao Fondo Social de Vivendas.
- Teñen a consideración de beneficiarias das axudas previstas no Plan Estatal de Vivenda (BOE):
 - **Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero**, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables:
 - Poderán ser beneficiarias as persoas vítimas de violencia de xénero, vítimas de trata con fins de explotación sexual e vítimas de violencia sexual.
 - Non poderán ser beneficiarias aquelas persoas que dispoñan dunha vivenda en propiedade ou en réxime de usufruto, que poidan ocupar após a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero, vítima de trata con fins de explotación sexual, ou vítima de violencia sexual.
 - Poderán ser beneficiarias as Administracións públicas, sociedades mercantís participadas maioritariamente polas distintas Administracións públicas, entidades de utilidade pública,

sociedades públicas e entidades benéficas, de economía colaborativa ou similares, sempre sen ánimo de lucro, cuxo obxecto sexa dotar dunha solución habitacional ás persoas vítimas de violencia de xénero, vítimas de trata con fins de explotación sexual ou vítimas de violencia sexual.

- o **Programa de axuda ás persoas mozas e para contribuír ao reto demográfico:** prevé condicións máis beneficiosas para as persoas que sexan fillos ou fillas de vítimas de violencia de xénero.
- o **Programa de posta a disposición de vivendas da SAREB e de entidades públicas para o seu aluguer como vivenda social.** As vivendas cedidas pola SAREB ou entidade pública de que se trate deberán destinarse con carácter prioritario para satisfacer solucións habitacionais ás vítimas de violencia de xénero, vítimas de trata con fins de explotación sexual, vítimas de violencia sexual.

1.12. Dereito á reparación

Artigo 28 bis e ter da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducido pola Disposición Final Novena da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

As vítimas de violencia de xénero teñen **dereito á reparación**. Este dereito abrangue a compensación económica polos danos e prexuízos derivados da violencia, as medidas necesarias para a súa completa recuperación física, psíquica e social, as accións de reparación simbólica e as garantías de non repetición.

As Administracións públicas asegurarán que as vítimas teñan acceso efectivo á indemnización que corresponda polos danos e prexuízos, que deberá ser satisfeita pola ou polas ou persoas civil ou penalmente responsables, de acordo coa normativa vixente, e deberán garantir a satisfacción economicamente avaliable de, polo menos, os seguintes conceptos:

- o dano físico e psicolóxico, incluído o dano moral e o dano á dignidade
- a perda de oportunidades, incluídas as oportunidades de educación, emprego e prestacións sociais
- os danos materiais e a perda de ingresos, incluído o lucro cesante
- o dano social, entendido como o dano ao proxecto de vida
- o tratamento terapéutico, social e de saúde sexual e reprodutiva

Igualmente, as Administracións públicas garantirán a completa recuperación física, psíquica e social das vítimas a través da rede de recursos de atención integral que se recollen na presente Guía. Así mesmo, as Administracións públicas poderán establecer axudas complementarias destinadas ás vítimas que, pola especificidade ou gravidade das secuelas derivadas da violencia, non encontren unha resposta axeitada ou suficiente na rede de recursos de atención e recuperación. En particular, estas vítimas poderán recibir axudas adicionais para financiar os tratamentos sanitarios axeitados, incluídos os tratamentos de reconstrución xenital feminina, se foren necesarios.

Igualmente, co obxectivo de asegurar a recuperación simbólica, promoverán o restablecemento da súa dignidade e reputación, a superación de calquera situación de estigma e o dereito de supresión aplicado a buscadores en Internet e medios de difusión públicos. As Administracións públicas, no marco das súas respectivas competencias, promoverán as medidas necesarias para as vítimas contaren con protección efectiva ante represalias ou ameazas e promoverán, mediante

homenaxes e accións de difusión pública, o compromiso colectivo perante a violencia contra as mulleres e o respecto polas vítimas.

1.13. Dereito á escolarización inmediata

Artigo 5 e disposición adicional décimo sétima da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Os fillos e fillas das vítimas de violencia de xénero que se vexan afectados por un cambio de residencia derivada dos actos de violencia de xénero teñen dereito á **súa escolarización inmediata no seu novo lugar de residencia.**

1.14. Bolsas e axudas ao estudo

Real Decreto 201/2024, do 27 de febreiro, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2024-2025

Ofrécese un tratamento específico para as solicitantes de bolsa que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, desde o 30 de xuño de 2023 ao 30 de xuño de 2025, os seus fillos e fillas menores de vinte e cinco anos, e as persoas menores suxeitas á súa tutela ou garda ou custodia que soliciten esas bolsas e axudas ao estudo, sempre que cumpran todas as demais condicións previstas na normativa vixente. Sendo estas, a bolsa básica, ou bolsa de matrícula segundo corresponda, a contía fixa ligada á renda, a contía fixa ligada á residencia e a contía variable que resulte da aplicación da fórmula; sen que lles sexan de aplicación os requisitos establecidos en relación coa carga lectiva superada no curso 2023-2024 nin o límite do número de anos con condición de beneficiario ou beneficiaria de bolsas, nin tampouco a esixencia de superar unha determinada porcentaxe de créditos, materias, módulos ou o seu equivalente en horas no curso 2024-2025 para o que resultasen beneficiarias da bolsa.

1.15 Particularidades do empadramento por razóns de seguridade

Resolución do 2 de decembro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se modifica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre xestión do Padrón municipal

As vítimas de violencia de xénero que residan ou se encontren baixo o amparo da rede de recursos de asistencia social integral, como pisos tutelados, casas de acollida ou outros recursos da citada rede, e cando non sexa posible o empadramento no domicilio real por razóns de seguridade, o empadramento poderá realizarse no lugar que determinen os Servizos Sociais do concello no que efectivamente residan após a correspondente avaliación técnica. Este lugar poderá ser a sede dunha institución social ou dos Servizos Sociais de calquera Administración Pública domiciliada no seu termo

municipal, ou calquera outro enderezo que estes indiquen, sempre dentro do citado concello. Para iso, deben cumprirse as seguintes condicións:

- Que os Servizos Sociais e a institución social de referencia estean integrados na estrutura orgánica de calquera Administración Pública ou baixo a súa coordinación e supervisión.
- Que os responsables destes Servizos Sociais informen sobre a habitualidade da residencia no concello das persoas que se pretenden empadroar.
- Que os Servizos Sociais indiquen o enderezo que debe figurar na inscrición do padrón con referencia no rueiro municipal e comprométese a intentar a práctica da notificación cando se reciba nese enderezo unha comunicación procedente dalgunha Administración Pública.

1.16. Dereito ao cambio de apelidos ou de identidade

Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, modificada pola Lei 6/2021, do 28 de abril

Para as vítimas de violencia de xénero ou dos seus descendentes que estean ou estivesen integrados no núcleo familiar de convivencia, o Encargado do Rexistro Civil poderá autorizar o cambio de apelidos sen necesidade de que estas cumpran os requisitos previstos con carácter xeral, de acordo co procedemento que se determine regulamentariamente. É dicir, sen necesidade de que cumpran cos requisitos consistentes no que o apelido na forma proposta constituía unha situación de feito, sendo utilizado habitualmente pola persoa interesada; ou que o apelido ou apelidos que se tratan de unir ou modificar pertencen lexítimamente á persoa peticionaria; ou que os apelidos que resulten do cambio non proveñan da mesma liña

Nestes casos, poderá autorizarse por razóns de urxencia ou seguridade o cambio total de identidade sen necesidade de cumprir cos requisitos xerais previstos, de acordo co procedemento determinado regulamentariamente.

2. Dereitos das mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero

2.1. Situación de residencia en España das mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero

Artigo 17.1 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e da súa integración social
Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril

Real Decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados partes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

A situación de residencia en España das mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero inclúe as seguintes posibilidades:

2.1.1. Mulleres estranxeiras que teñan a condición de familiares de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

Artigo 9.4 do Real Decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

Para conservar o dereito de residencia en caso de nulidade matrimonial, divorcio ou cancelación da inscrición como parella rexistrada, a muller que non sexa nacional dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero durante o matrimonio ou situación de parella rexistrada, circunstancia que se considerará acreditada de maneira provisional cando exista **unha orde de protección ao seu favor ou informe do Ministerio Fiscal** no que se indique a existencia de indicios de violencia de xénero, e con carácter definitivo cando recaese **resolución xudicial** da que se deduza que se produciron as circunstancias alegadas.

2.1.2. Mulleres estranxeiras non comunitarias: poden ser titulares dalgún dos dous tipos de autorizacións de residencia e traballo específicas por razón de violencia de xénero seguintes:

Artigo 19.2 da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

Artigo 59.2 do Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril

- Autorización de residencia e traballo independente das mulleres estranxeiras reagrupadas co seu cónxuxe ou parella:
- Obterase a autorización unha vez ditada a favor da muller unha orde de protección ou, na súa ausencia, cando exista un informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero.
- Duración da autorización: 5 anos.

Artigo 31 bis da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

Artigos 131 a 134 do Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril

- Autorización de residencia temporal e traballo por **circunstancias excepcionais** das mulleres estranxeiras **en situación irregular**:
 - Poderase solicitar a autorización desde o momento en que se ditase a favor da muller unha orde de protección ou emitido informe do Ministerio Fiscal no que se aprecie a existencia de indicios de violencia de xénero.
 - Concederase a autorización cando o procedemento penal conclúa cunha sentenza condenatoria ou cunha resolución xudicial da que se deduza que a muller foi vítima de violencia de xénero, incluído o arquivo da causa por encontrarse o imputado en paradiro descoñecido ou o sobresemento provisional por expulsión do denunciado.
 - Duración da autorización: 5 anos. Non obstante, no curso destes 5 anos a muller pode acceder á situación de residencia de longa duración, previa solicitude, para o que se computará o tempo no que fose titular dunha autorización provisional de residencia temporal e traballo.

- o Tamén se poderá solicitar unha autorización de residencia por circunstancias excepcionais a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de cubrir as súas propias necesidades; ou autorización de residencia e traballo no caso de seren maiores de 16 anos e estaren en España no momento da denuncia. Neses casos, a solicitude deberá facela a muller estranxeira, por si mesma ou a través de representante, no momento en que solicite ao seu favor a autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais, ou en calquera outro momento posterior ao longo do proceso penal. A súa concesión e duración producirase nos mesmos termos que a autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais das mulleres estranxeiras en situación irregular.
- o A autoridade administrativa competente para outorgar esta autorización por circunstancias excepcionais, **concederá unha autorización provisional de residencia e traballo a favor da muller estranxeira** e, se for o caso, autorizacións de residencia ou de residencia e traballo provisionais a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de cubrir as súas necesidades ou de residencia e traballo se foren maiores de dezaseis anos, que se encontren en España no momento da denuncia. Estas autorizacións provisionais concluirán no momento en que se conceda ou denegue definitivamente a autorización por circunstancias excepcionais.
- o Concedida a autorización provisional de residencia e traballo, a muller estranxeira pode acceder a dereitos como os seguintes:
 - A **Renda Activa de Inserción**, á que teñen dereito as mulleres estranxeiras que residan legalmente en España e reúnan o resto de requisitos esixidos.
 - O subsidio por desemprego, ao que teñen dereito as mulleres estranxeiras que residan legalmente en España e reúnan o resto de requisitos esixidos.
 - A **axuda económica do artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004**, á que teñen dereito as mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero titulares dunha autorización de residencia e traballo en España que reúnan o resto de requisitos esixidos.

2.1.3. A autorización de residencia temporal e traballo por conta allea da que sexa titular unha muller estranxeira renovarase ao expirar nos supostos de extinción do contrato de traballo ou suspensión da relación laboral como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero

Artigo 38.6 da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

O artigo 38.6 da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e da súa integración social, contempla que a autorización de residencia e traballo se renovará ao expirar, cando concorran outras circunstancias previstas regulamentariamente, en particular, os supostos de extinción do contrato de traballo ou suspensión da relación laboral como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

2.2. Protección das mulleres estranxeiras en situación irregular vítimas de violencia de xénero

Artigo 31 bis da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

Artigos 131 a 134 do Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril

- Se ao denunciarse unha situación de violencia de xénero, queda patente **a situación irregular** da muller estranxeira:
 - Non se incoará o procedemento administrativo sancionador por encontrarse irregularmente en territorio español.
 - Suspenderase o procedemento administrativo sancionador que se incoase pola comisión desa infracción con anterioridade á denuncia ou, se for o caso, a execución das ordes de expulsión ou de devolución eventualmente acordadas.
- Concluído o procedemento penal:
 - Cunha sentenza condenatoria ou cunha resolución xudicial da que se deduza que a muller foi vítima de violencia de xénero, incluído o arquivo da causa por encontrarse o imputado en paradiro descoñecido ou o sobresemento provisional por expulsión do denunciado, concederáse á muller estranxeira **autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais** e, se for o caso, as autorizacións solicitadas a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de cubrir as súas propias necesidades.
 - Cunha sentenza non condenatoria ou cunha resolución da que non se poida deducir a situación de violencia de xénero, denegarase á muller estranxeira a autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais e, se for o caso, as autorizacións solicitadas a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de cubrir as súas propias necesidades. Así mesmo, perderá efectividade a autorización provisional de residencia e traballo concedida á muller estranxeira e, se for o caso, as autorizacións provisionais concedidas aos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de cubrir as súas propias necesidades. E incoarase ou continuará o procedemento administrativo sancionador por estancia irregular en territorio español.

2.3. Dereito á protección internacional

Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria

- **O dereito de asilo.** Recoñeceráselle o estatuto de refuxiada á muller que, por mor dun fundado temor a ser perseguida por motivos de xénero, estea fóra do país da súa nacionalidade e non pode ou, por mor deses temores, non se quere acoller á protección de tal país, así como á muller apátrida que, carecendo de nacionalidade e estando fóra do país onde antes tiña a súa residencia habitual, polos mesmos motivos non pode ou, por mor deses temores, non quere retornar a el.

Neste sentido, poden ser motivos de persecución baseados no xénero a violencia exercida pola parella ou exparella e outras formas de violencia sobre a muller, tales como a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzado, a violencia sexual ou a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, sempre que, sexa como for, se cumpran os demais requisitos esixidos para o recoñecemento do dereito de asilo.

- o Para que se recoñeza o dereito de asilo é preciso que o fundado temor das mulleres a ser obxecto de persecución estea baseado en actos de persecución que sexan graves e revistan a forma de actos de violencia física ou psíquica, incluídos os actos de violencia sexual.
- o Para valorar os motivos de persecución deberanse valorar as circunstancias imperantes no país de orixe en relación coa situación do grupo social determinado, neste caso, as mulleres.
- **A protección subsidiaria.** Outorgarase protección subsidiaria ás mulleres estranxeiras ou apátridas que, sen reunir os requisitos esixidos para obter asilo, padezan un risco real de sufrir un dano grave no caso de retornar ao seu país de orixe, ou ao da súa anterior residencia no caso das apátridas. O dano grave que dá lugar a protección subsidiaria consiste nalgún dos seguintes:
 - o Pena de Morte
 - o Tortura ou tratos inhumanos ou degradantes
 - o Ameazas graves contra a vida ou a integridade dos civís en situacións de conflito.

3. Dereitos das mulleres españolas vítimas de violencia de xénero fóra do territorio nacional

As mulleres españolas que residen no estranxeiro, cando sofren violencia de xénero, poden encontrarse nunha situación de especial vulnerabilidade por mor das barreiras lingüísticas e culturais, a falta de redes sociais ou polo descoñecemento dos recursos existentes no país. Así, á obriga dos poderes públicos en materia de información, asistencia e protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero, súmase a obriga xeral de protexer á cidadanía española no exterior.

O Protocolo asinado o 8 de outubro de 2015 polos entón Ministerios de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, persegue o establecemento dun marco común de colaboración para articular a realización de funcións en materia de violencia de xénero, previndo e abordando as situacións de violencia de xénero mediante a información sobre recursos dispoñibles no país de residencia, e facilitando a protección e retorno das mulleres vítimas de violencia de xénero e, se for o caso, dos seus fillos e fillas cando a situación o requirir, dentro do marco normativo vixente. As Embaixadas e Consulados de España e as Consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social facilitarán ás mulleres españolas información para contactar cos recursos especializados para vítimas de violencia de xénero dispoñibles no país no que residan, así como orientación sobre recursos médicos, educativos e legais que as autoridades locais poñen ao seu alcance perante situacións de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, no caso de retorno da muller, realizará labores de coordinación coas Comunidades Autónomas co fin de garantir ás mulleres os dereitos que lles recoñece a normativa española e de facilitar a súa integración social.

BLOQUE 2

Dereitos das vítimas de violencias sexuais

1. Dereitos específicos das vítimas de violencias sexuais

1.1. Quen é vítima de violencias sexuais?

Artigos 1 e 3 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

Serán consideradas como vítimas, para os efectos da Lei Orgánica 10/2022, **as mulleres, nenas, nenos e adolescentes que fosen vítimas de violencias sexuais en España, con independencia da súa nacionalidade e da súa situación administrativa; ou no estranxeiro, sempre que sexan de nacionalidade española.**

Enténdense como violencias sexuais **calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado, incluído o ámbito dixital.** Considérase incluído no ámbito de aplicación, para efectos estatísticos e de reparación, o feminicidio sexual, entendido como homicidio ou asasinato de mulleres e nenas ligado a condutas definidas no seguinte parágrafo como violencias sexuais. Considéranse violencias sexuais, a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzado, o acoso con connotación sexual e a trata con fins de explotación sexual.

Deste xeito, búscase garantir o dereito á liberdade sexual e a erradicación de todas as violencias sexuais mediante a adopción de medidas que garantan a sensibilización, prevención, detección e a sanción das violencias sexuais, e a atención integral inmediata e recuperación en todos os ámbitos nos que se desenvolve a vida das mulleres, nenas, nenos e adolescentes vítimas de violencias sexuais.

1.2. Como se acreditan as violencias sexuais?

Artigo 37 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

Disposición final quinta da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. Modificación da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

Con carácter xeral, a situación de violencia sexual que dá lugar ao recoñecemento dos dereitos correspondentes é acreditada por medio dunha **sentencia condenatoria** por un delito contra a liberdade sexual ou calquera outra **resolución xudicial** que acorde unha medida cautelar a favor da vítima, ou ben polo **informe do Ministerio Fiscal** que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia sexual.

Tamén se poderán acreditar as situacións de violencias sexuais por medio de:

- informe dos servizos sociais, dos servizos especializados en igualdade e contra a violencia de xénero, dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencias sexuais da Administración Pública competente, ou da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, nos casos obxecto de actuación inspectora
- por sentenza recaída na orde xurisdiccional social

- por calquera outro título, sempre que isto estea previsto nas disposicións normativas de carácter sectorial que regulen o acceso a cada un dos dereitos e recursos

No caso de **vítimas menores de idade**, e para efectos disto, a acreditación poderá ser realizada, ademais, por documentos sanitarios oficiais de comunicación á Fiscalía ou ao órgano xudicial.

1.3. Dereito á información

Artigo 34 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

As vítimas de violencias sexuais teñen dereito a recibir **plena información e asesoramento** adecuado á súa situación persoal. Este dereito está garantido a través dos seguintes servizos:

1.3.1. Servizo 016 de información e asesoramento xurídico

- Servizo **gratuíto e confidencial** que ofrece **información, asesoramento xurídico e atención psicosocial inmediata en todas as formas de violencia contra mulleres, nenas, nenos e adolescentes**.
- O servizo é accesible a través de catro canles:
 - Polo número de teléfono curto: **016**.
 - Por correo electrónico: 016-online@igualdad.gob.es.
 - Por WhatsApp: número **600 000 016**, exclusivo para WhatsApp porque non admite chamadas de teléfono.
 - Por chat: a través da web da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/home.htm>
- A información e a atención psicosocial inmediata están dispoñibles **as 24 horas** do día, **os 365 días** do ano. O **asesoramento xurídico** está dispoñible de **8 a 22 horas**, de luns a domingo.
- **Accesible ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala** por varios medios: a través do número de teléfono **900 116 016**; mediante o **Servizo Telesor** a través da propia [páxina web de Telesor](#), en cuxo caso é necesaria unha conexión a Internet; por medio dun teléfono móbil ou unha PDA coa instalación dunha aplicación gratuíta; a través do Servizo de videointerpretación [SVIsual](#); por WhatsApp: 600 000 016; ou a través do Correo electrónico: 016-online@igualdad.gob.es.
- **Accesible ás persoas estranxeiras** mediante a atención, ademais de en castelán e das linguas cooficiais, nas seguintes linguas:
 - Teléfono, durante 24 horas, 7 días, en 53 idiomas: galego, castelán, éuscaro, valenciano, catalán, inglés, francés, alemán, portugués, chinés mandarín, ruso, árabe, romanés, búlgaro, afgán, albanés, armenio, bambara, bérber, bosnio, cantonés, checo, coreano, danés, esloveno, eslovaco, farsi, finés, xeorxiano, grego, hindi, holandés, húngaro, italiano, xaponés, lituano, mandinga, noruegués, persa, polaco, portugués, pular, serbocroata, sirio, soninké, sueco, tailandés, taiwanés, tamazight, turco, ucraíno, urdú, wolof.
 - Correo electrónico e WhatsApp, durante 24 horas, 7 días: galego, castelán, éuscaro, valenciano, catalán, inglés, francés, alemán, portugués, chinés, mandarín, ruso, árabe, romanés, búlgaro, italiano.

- Derivación das chamadas nos seguintes supostos:
 - Cando se trate de chamadas referidas a situacións de emerxencia, serán derivadas ao teléfono **112**.
 - Cando se trate de chamadas de información xeral sobre cuestións relativas á igualdade das mulleres, serán derivadas ao **Instituto das Mulleres**.
 - Cando se trate de chamadas que requiran información específica relacionada **cunha Comunidade Autónoma**, serán derivadas ao teléfono autonómico correspondente.
 - As chamadas realizadas por persoas menores de idade serán derivadas ao Teléfono **ANAR** de Axuda a Nenos e Adolescentes.

O Servizo do 016 ten categoría de servizo esencial, polo que, no caso de que se produza algunha situación que dificulte o acceso ou a prestación destes servizos, as Administracións públicas competentes adoptarán as medidas necesarias para garantir o seu normal funcionamento e adaptación.

1.3.2. Web de recursos de apoio e prevención perante casos de violencias sexuais

Está dispoñible na [páxina web da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero](#).

Permite a localización sobre mapas activos dos diferentes recursos (policiais, xudiciais, información, atención, asesoramento, etc.) que as Administracións públicas e as entidades sociais puxeron a disposición da cidadanía e das vítimas de violencias sexuais.

1.3.3. Centros de crise

Os Centros de Crise son servizos dependentes das Comunidades Autónomas que brindan atención psicolóxica, xurídica e social. Están destinados a proporcionar apoio e asistencia en **situacións de crise** para vítimas, familiares e persoas do seu círculo próximo. Estes centros inclúen **o acompañamento e a información** telefónica e presencial **as 24 horas todos os días do ano**.

1.3.4. ATENPRO

O **Servizo Telefónico de Atención e Protección para vítimas de violencia contra as mulleres (ATENPRO)**, é unha modalidade de servizo que, coa tecnoloxía axeitada, ofrece ás vítimas de violencia contra as mulleres unha atención inmediata, perante as eventualidades que lles poidan sobrevir, as 24 horas do día, os 365 días do ano e sexa cal for o lugar no que se encontren.

O servizo baséase no uso de tecnoloxías de comunicación telefónica móbil e de telelocalización. Permite que as mulleres **vítimas** de violencia contra as mulleres **poidan entrar en contacto en calquera momento** cun Centro atendido por persoal especificamente preparado para dar unha resposta adecuada ás súas necesidades. Ademais, perante **situacións de emerxencia**, o persoal do Centro está preparado para dar unha resposta adecuada á crise formulada, ben por si mesmos/as ou mobilizando outros recursos humanos e materiais.

Poden solicitar o servizo as vítimas de violencia contra as mulleres que cumpran os seguintes requisitos:

- Non convivir coa persoa ou persoas que lles someteron a maltrato.
- Participar dos programas de atención especializada para vítimas da violencia contra as mulleres existentes no seu territorio autonómico.

1.4. Dereito á práctica forense dispoñible, accesible e especializada

Artigo 48 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

As vítimas de violencia sexual teñen dereito a que se lles practique sen demora o exame médico forense e as actuacións de interese legal. Estas realizaranse conxuntamente co recoñecemento xinecolóxico ou médico preceptivo para evitar a reiteración de exploracións médicas.

Ademais, as vítimas de violencias sexuais teñen dereito á recollida de mostras biolóxicas e outras evidencias que poidan contribuír á acreditación da violencia sexual. Esta recollida de mostras e outras evidencias, que se realizará previo consentimento informado, non está condicionada á presentación de denuncia nin ao exercicio da acción penal.

Cando as mostras biolóxicas e evidencias sexan recollidas polo centro sanitario, conservaranse debidamente para a súa remisión, garantindo a cadea de custodia e da forma máis inmediata posible ao Instituto de Medicina Legal.

1.5. Dereito á asistencia integral especializada e accesible

Artigos 33 e 35 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

Todas as mulleres, nenos, nenas e adolescentes que fosen vítimas de violencias sexuais en España, independentemente da súa nacionalidade e a súa situación administrativa; ou no estranxeiro sempre que sexan de nacionalidade española, teñen dereito a **asistencia integral especializada**. Esta asistencia estará orientada a axudalos a superar as consecuencias físicas, psicolóxicas, sociais ou doutra índole, derivadas das violencias sexuais.

A través deste dereito será posible que as vítimas de violencias sexuais:

- Reciban **información e asesoramento** sobre os seus dereitos e recursos de apoio dispoñibles.
- Coñezan os servizos aos que se poden dirixir para obter asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Poidan acceder a **atención médica especializada** nos centros sanitarios, e psicolóxica, tanto inmediata como de emerxencia e crise, nos centros 24 horas, así como nos centros de acompañamento e de recuperación integral no longo prazo.
- Reciban **asesoramento xurídico** previo e asistencia xurídica gratuíta nos procesos derivados da violencia.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.

- o Logren a súa **formación, inserción ou reinserción laboral**, e reciban apoio psicosocial ao longo de todo o itinerario de recuperación integral coa finalidade de evitar a dobre vitimización.

O dereito a asistencia integral especializada e accesible garantirase por medio da dispoñibilidade dos seguintes servizos:

- o **Centros de crise 24 horas:** trátase de servizos que prestan atención psicolóxica, xurídica e social. Están destinados a proporcionar apoio e asistencia en situacións de crise para vítimas, familiares e persoas do seu círculo próximo. Estes centros inclúen o acompañamento e a información telefónica e presencial as 24 horas todos os días do ano.
- o **Servizos de recuperación integral:** consisten en servizos interdisciplinares de recuperación psicolóxica e acompañamento social, educativo, laboral e xurídico que traballan para apoiar a recuperación e acompañamento psicolóxico das vítimas no longo prazo e durante o seu proceso de recuperación.
- o **Servizos de atención a vítimas de trata e explotación sexual:** estes servizos comprenden a asistencia psicolóxica, xurídica e asesoramento social ás vítimas no seu propio idioma.
- o **Servizos de atención especializada a nenas e nenos vítimas de violencias sexuais:** trátase de servizos adaptados e adecuados ás súas necesidades, que prestan asistencia psicolóxica, educativa e xurídica, e que se constitúen como lugar de referencia para as vítimas, ao que se despraza o conxunto de profesionais intervinientes nos procesos asistenciais e xudiciais.

1.6. Dereito á asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 33.1 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

As vítimas de violencias sexuais teñen dereito a **asesoramento xurídico previo e asistencia xurídica gratuíta** nos procesos derivados da violencia sexual, nos termos previstos na lexislación de Asistencia Xurídica Gratuíta.

O dereito á asistencia xurídica gratuíta abrangue, entre outras, as seguintes prestacións:

- o **Asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso** e, en particular, no momento inmediatamente previo á interposición de denuncia.
- o **Defensa e representación gratuítas** por avogado e procurador en todos os procesos e procedementos administrativos.
- o **Inserción gratuíta de anuncios ou editos**, no transcurso do proceso, en xornais oficiais.
- o **Exención do pagamento de taxas xudiciais**, así como o pagamento de depósitos necesarios para a interposición de recursos.

- **Asistencia pericial gratuíta** no proceso a cargo do persoal técnico adscrito aos órganos xurisdicionais ou, no seu defecto, a cargo de funcionarios, organismos ou servizos técnicos dependentes das Administracións públicas.
- **Obtención gratuíta ou redución do 80% dos dereitos arancelarios** dos documentos notariais.

1.7. Dereitos laborais

Artigos 38 e 39 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

O recoñecemento de dereitos laborais ás vítimas de violencias sexuais ten como finalidade evitar que, por mor da violencia que sofren ou sufriron, abandonen o mercado laboral. Para iso, recoñéceselles dereitos encamiñados a procurar a conciliación laboral coa situación de violencia, garántese a súa protección se se ven obrigadas a abandonar o seu posto de traballo, ben con carácter temporal, ben con carácter definitivo, e procúrase a súa inserción laboral no caso de que non estivesen empregadas.

1.7.1. Dereitos das traballadoras por conta allea

Artigo 38 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

Artigos 37.8, 40.4, 45.1.n), 48.8, 49.1.m), 53.4 e 55.5 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro

- **Dereito á redución da xornada de traballo** con diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa, para que a muller faga efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.
- **Dereito á mobilidade xeográfica:** as mulleres que se vexan obrigadas a abandonar o seu posto de traballo na localidade onde viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo. A empresa reservaralle o posto de traballo que desempeñaba anteriormente durante os primeiros 6 meses.
- **Dereito á suspensión do contrato de traballo** por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia sexual, con reserva do posto de traballo. O período de suspensión terá unha duración inicial que non poderá exceder os seis meses, agás cando das actuacións de tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección da vítima requirise a continuidade da suspensión.

- o **Dereito á extinción do contrato de traballo** por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar definitivamente o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia sexual.
- o **Dereito a realizar o seu traballo total ou parcialmente a distancia ou a deixar de facelo** se este fose o sistema establecido, sempre en ambos os casos que esta modalidade de prestación de servizos sexa compatible co posto e funcións desempeñadas.
- o **As ausencias ou faltas de puntualidade** ao traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia sexual, acreditada polos servizos sociais de atención ou servizos de saúde, segundo for o caso, consideraranse **xustificadas**.
- o **Nulidade da resolución extintiva do contrato** no suposto das traballadoras vítimas de violencias sexuais polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou suspensión da relación laboral, nos termos e condicións recoñecidos no Estatuto dos Traballadores.
- o **Nulidade do despedimento disciplinario** no suposto das traballadoras vítimas de violencias sexuais polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou suspensión da relación laboral, nos termos e condicións recoñecidos no Estatuto dos Traballadores.

1.7.2. Dereitos das traballadoras autónomas economicamente dependentes

Artigo 38 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

a Lei 20/2007, do 20 de xullo, reguladora do Estatuto do Traballo Autónomo

As traballadoras por conta propia vítimas de violencias sexuais que cesen na súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, serán consideradas en **situación de cesamento temporal da actividade**, nos termos previstos no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e seralles **suspendida a obriga de cotización** durante un período de seis meses que lles serán considerados como de cotización efectiva para efectos das prestacións de Seguridade Social. Así mesmo, **a súa situación será considerada como equiparable á alta**.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, tomarase unha base de cotización equivalente á media das bases cotizadas durante os seis meses previos á suspensión da obriga de cotizar.

Contan cos seguintes dereitos:

- o Dereito á adaptación do horario da actividade.
- o Dereito á extinción da relación contractual.
- o Considerarase causa xustificada de interrupción da actividade por parte da traballadora a situación de violencia de xénero.

1.8. Dereitos en materia de Seguridade Social

Artigo 38 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

1.8.1. Dereitos en materia de cotización á Seguridade Social

Artigo 165,5 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- O período de suspensión do contrato de traballo con reserva do posto de traballo previsto para as traballadoras por conta allea terá a consideración de **período de cotización efectiva**, para os efectos das correspondentes prestacións da Seguridade Social por xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade, desemprego e coidado de menores afectados por cancro ou outra doenza grave.

Artigo 329 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- **Suspensión da obriga de cotizar** á Seguridade Social durante un período de seis meses para as traballadoras por conta propia ou autónomas que cesen a súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral

Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social

- Subscrición de convenio especial coa Seguridade Social por parte das traballadoras vítimas de violencias sexuais que reducen a súa xornada laboral con diminución proporcional do salario.

1.8.2. Dereitos en materia de prestacións da Seguridade Social

Artigo 207 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- Dereito á **pensión de xubilación anticipada** por causa non imputable ao traballador das vítimas de violencias que extingan o seu contrato de traballo como consecuencia de ser vítimas de violencia sexual e reúnan os requisitos esixidos.

Artigo 224 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- Dereitos en materia de **orfandade**:

Pensión de orfandade: teñen dereito a ela os fillos e fillas da muller falecida, calquera que for a natureza da súa filiación, sempre que, no momento do falecemento, sexan menores de vinte e un anos ou estean incapacitados para o traballo, ou sexan menores de vinte e cinco e non efectúen un traballo lucrativo por conta allea ou por conta propia, ou cando efectuándoo, os ingresos que obteña foren inferiores, en cómputo anual, á contía vixente para o

salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual, e que a muller estivese en alta ou situación equiparable á da alta, ou fose.

As fillas e fillos terán dereito ao incremento previsto para os casos de orfandade absoluta, que atinxirá o 70 por cento da base reguladora cando os rendementos da unidade familiar non superen o 75 por cento do Salario Mínimo Interprofesional vixente en cada momento.

Prestación de orfandade: teñen dereito a ela as fillas e fillos da muller falecida, cando se deba á comisión dalgún dos supostos de violencias sexuais, sempre que estean en circunstancias equiparables a unha orfandade absoluta e non reúnan os requisitos necesarios para causar unha pensión de orfandade. Poderá ser beneficiario da prestación de orfandade, sempre que na data do falecemento fose menor de vinte e cinco anos, non efectúe un traballo lucrativo por conta allea ou propia ou cando, efectuándoo, os ingresos que obteña resulten inferiores, en cómputo anual, á contía vixente para o Salario Mínimo Interprofesional, tamén en cómputo anual.

A contía da prestación por orfandade será o 70 por cento da súa base reguladora, sempre que os rendementos da unidade familiar non superen en cómputo anual o 75 por cento do Salario Mínimo Interprofesional vixente en cada momento.

O dereito á pensión ou á prestación de orfandade non se suspenderá no suposto de adopción dos fillos e fillas da causante falecida como consecuencia de violencia sobre a muller, sempre que os rendementos da unidade de convivencia na que se integran, divididos polo número de membros que a compoñen, incluídas as persoas orfas adoptadas, non superen en cómputo anual o 75 por cento do SMI vixente en cada momento, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Así mesmo, cando o falecemento fose producido por un agresor distinto do proxenitor dos fillos e fillas da causante, tamén se poderá recoñecer o dereito á pensión de orfandade, se for o caso, a prestación de orfandade cando se cumpran os requisitos.

Artigo 267 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- Para ter **dereito á prestación por desemprego**, ademais de reunir os requisitos esixidos, considérase que a traballadora por conta allea está en situación legal de desemprego cando extinga ou suspenda o seu contrato de traballo voluntariamente como consecuencia de ser vítima de violencia sexual.

Art. 38.5 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

Artigos 330 e 331 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- Para ter **dereito á protección por cesamento de actividade**, ademais de reunir os requisitos esixidos, considérase que a traballadora autónoma está en situación legal de cesamento de actividade, cando cese no exercicio da súa actividade, de maneira temporal ou definitiva, por causa da violencia sexual

Artigo 335 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro

- Para ter **dereito á protección por cesamento de actividade**, ademais de reunir os requisitos esixidos, considérase que as socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado están en situación legal de cesamento de actividade, cando cesen, con carácter definitivo ou temporal, na prestación de traballo, por causa da violencia sexual.

1.9. Dereitos en materia de emprego e para a inserción social

1.9.1. Programa específico de emprego

Artigo 39 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

- **Programa específico de emprego**: trátase dun programa específico ao que teñen dereito a acceder as vítimas de violencias sexuais inscritas como demandantes de emprego. Este programa incluírá medidas para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia. O programa inclúe o seguinte:
 - **Itinerario de inserción sociolaboral**, individualizado e realizado por persoal especializado.
 - **Programa formativo específico** para promover a inserción sociolaboral por conta allea.
 - **Incentivos** para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia.
 - **Incentivos para as empresas** que contraten vítimas de violencia sexual.
 - **Incentivos** para facilitar a mobilidade xeográfica.
 - **Incentivos** para compensar diferenzas salariais.
 - **Convenios con empresas** para facilitar a contratación de mulleres vítimas de violencia sexual e a súa mobilidade xeográfica.
- As traballadoras desempregadas que sufrisen violencias sexuais, así como as traballadoras autónomas que cesasen a súa actividade por ser vítimas de violencias sexuais, terán dereito, no momento de demandar un emprego, a participar das axudas de contido económico que recolle o artigo 41 ([ver o apartado 1.11 Dereitos Económicos](#)), así como a participar en programas específicos de inserción laboral.

1.9.2. Contrato de interinidade para a substitución de traballadoras vítimas de violencias sexuais

Artigo 38.3 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

- As empresas que formalicen **contratos de interinidade** (sempre que o contrato se celebre cunha persoa desempregada) para substituír a traballadoras vítimas de violencia sexual que suspendesen o seu contrato de traballo ou exercitado o seu dereito á mobilidade xeográfica ou ao cambio de centro de traballo terán dereito a unha bonificación do 100% das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns durante todo o período

de suspensión da traballadora substituída ou durante seis meses nos supostos de mobilidade xeográfica ou cambio de centro de traballo.

- Cando se produza a **reincorporación**, esta realizarase nas mesmas condicións existentes no momento da suspensión do contrato de traballo, garantindo os axustes razoables que por razón de discapacidade poidan ser requiridos.

1.10. Dereitos das funcionarias públicas

Artigo 40 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

As funcionarias ao servizo das seguintes Administracións Públicas: Administración Xeral do Estado, Administracións das Comunidades Autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, Administracións das Entidades locais, organismos públicos, axencias e demais entes de dereito público con personalidade xurídica propia, ligadas ou dependentes de calquera das Administracións Públicas, e Universidades Públicas, teñen os seguintes dereitos:

- **Permiso por razón de violencia sexual sobre a muller funcionaria:** as faltas de asistencia das funcionarias vítimas de violencias sexuais, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde segundo proceda.
- As funcionarias vítimas de violencias sexuais, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, terán **dereito á redución da xornada** con diminución proporcional da retribución, ou a reordenación do tempo de traballo, mediante a adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que para estes supostos estableza o plan de igualdade de aplicación ou, na súa ausencia, a Administración Pública competente en cada caso. A funcionaria pública manterá as súas retribucións íntegras cando reduza a súa xornada nun terzo ou menos.
- **Mobilidade por razón de violencia sexual:** as mulleres vítimas de violencia sexual que se vexan obrigadas a abandonar o posto de traballo na localidade onde viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o dereito á asistencia social integral, terán dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional, de análogas características, sen necesidade de que sexa vacante de necesaria cobertura. Aínda así, neses supostos, a Administración Pública competente estará obrigada a comunicarlle as vacantes situadas na mesma localidade ou nas localidades que a interesada expresamente solicite.

Este traslado terá a consideración de traslado forzoso.

- **Excedencia por razón de violencia sexual:** as funcionarias vítimas de violencia sexual, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito a solicitar a situación de excedencia sen ter que prestar un tempo mínimo de servizos previos e sen que sexa esixible prazo de permanencia nesta.

Os dereitos doutro tipo de persoal están establecidos na súa lexislación específica propia, como é o caso, entre outros, do persoal docente, do persoal estatutario dos Servizos de Saúde ou do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza.

1.11. Dereitos económicos

Artigos 37 e 41 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

1.11.1. Axudas económicas ás vítimas de violencias sexuais

Real Decreto 664/2024, do 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais e polo que se modifica o Real Decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, sobre medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Trátase dunhas axudas económicas dirixidas a vítimas de violencias sexuais que constan dos seguintes requisitos:

- o Carecer de rendas superiores, en cómputo mensual, ao Salario Mínimo Interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- o No suposto de vítimas de violencias sexuais dependentes economicamente da unidade familiar, concederáse a axuda cando esta non obteña rendas superiores (excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias) a dúas veces o Salario Mínimo Interprofesional ou tres veces o Salario Mínimo Interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias no caso de familias integradas por catro ou máis membros, ou que teñan recoñecida a súa condición de familia numerosa segundo a normativa vixente.

Outros aspectos importantes sobre as axudas:

- o O importe da axuda poderá percibirse (a elección da vítima) nun único pagamento ou en seis mensualidades.
- o Esta axuda poderá prorrogarse unha soa vez, sempre que sigan sen superarse os limiares económicos descritos nos apartados arriba mencionados.
- o Cando a vítima da violencia sexual tivese recoñecida oficialmente unha **discapacidade en grao igual ou superior ao 33%**, o importe será equivalente a doce meses de subsidio por desemprego, prorrogables por unha soa vez, sempre que se manteñan as condicións que orixinaron a concesión inicial.
- o No caso de que **a vítima teña persoas ao cargo**, o seu importe poderá alcanzar o dun período equivalente a dezoito meses de subsidio, ou de vinte e catro meses se a vítima ou algún dos familiares que conviven con ela ten recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%, nos termos que establezan as disposicións de desenvolvemento da presente lei orgánica. Esta axuda será igualmente prorrogable por unha única vez, nos mesmos termos que as anteriores, sempre que se manteñan as condicións que orixinaron a concesión inicial.

Acceso á axuda e compatibilidades:

- o O **acceso** a esta axuda realizarase mediante a **acreditación como vítima de violencias sexuais** que recolle o artigo 37 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual ([ver apartado 1.2](#)).
- o Estas axudas serán **compatibles** coa percepción das **indemnizacións acordadas por sentenza xudicial**, ou, alternativamente, con **calquera das axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual**. Igualmente, serán compatibles coas axudas previstas no Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de **Renda Activa de Inserción** para persoas desempregadas con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego; co **subsidio por desemprego** de conformidade co Real Decreto-Lei 2/2024, do 21 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para simplificar e mellorar o nivel asistencial da protección por desemprego, e para completar a transposición da Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, relativo á conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os cuidadores, e pola que se derroga a Directiva 2010/18/UE do Consello; coas axudas establecidas na Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o **Ingreso Mínimo Vital**, e coa percepción das axudas que establezan as Comunidades Autónomas neste ámbito material.

1.11.2. Renda Activa de Inserción

Artigo 41 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de Renda Activa de Inserción para persoas desempregadas con necesidades económicas especiais e dificultade para encontrar emprego

A **Renda Activa de Inserción** é unha axuda económica que se recoñece ás persoas desempregadas incluídas no chamado “programa de Renda Activa de Inserción”, a través do que se realizan actuacións dirixidas a incrementar as oportunidades de inserción no mercado de traballo.

Para ser incluída no programa de Renda Activa de Inserción e ser beneficiaria desta axuda económica, a muller vítima de violencia sexual deberá cumprir os seguintes requisitos:

- o Acreditar a súa condición de vítima de violencia sexual.
- o Estar inscrita como demandante de emprego, pero non se lle esixe levar 12 meses inscrita ininterrompidamente como demandante de emprego.
- o Non convivir co seu agresor.
- o Ser menor de 65 anos, pero non se lle esixe ter 45 ou máis anos de idade.
- o Carecer de rendas propias, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do Salario Mínimo Interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- o Pode ser beneficiaria dun novo programa de Renda Activa de Inserción, aínda que fose beneficiaria doutro programa dentro dos 365 días anteriores á data da solicitude.

A contía da Renda Activa de Inserción é do 80% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) mensual vixente en cada momento.

Ademais, inclúe unha axuda suplementaria de pagamento único se a muller se viu obrigada a cambiar de residencia polas súas circunstancias de violencia sexual, nos 12 meses anteriores á solicitude de admisión no programa ou durante a súa permanencia nel, de contía equivalente ao importe de tres meses da Renda Activa de Inserción.

Esta axuda económica poderá solicitarse ata o 1 de novembro de 2024, momento no que a normativa que a regula perderá a súa vixencia. Non obstante, as vítimas de violencia contra as mulleres poderán solicitar a axuda económica do seguinte apartado.

1.11.3. Acceso ao subsidio por desemprego polas persoas vítimas de violencias sexuais

Disposición adicional quincuaxésima oitava do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social

Real Decreto-lei 2/2024, do 21 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para a simplificación e mellora do nivel asistencial da protección por desemprego e para completar a transposición da Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre a conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores, e pola que se derroga a Directiva 2010/18/UE do Consello

As vítimas de violencias sexuais acreditadas poderán acceder a este subsidio por desemprego, introducido polo Real Decreto-lei 2/2024, do 21 de maio, e que substitúe á Renda Activa de Inserción.

Para iso, **deberán reunir unha serie de requisitos**, entre os que están:

- non ter dereito á prestación por desemprego de nivel contributivo
- non ser beneficiarias de 3 dereitos ao programa de Renda Activa de Inserción (agás cando transcorresen máis de tres anos desde que se xerou o primeiro dereito ata que se solicitou este subsidio)
- estar inscritas como demandantes de emprego ou carecer de rendas propias (renda durante o mes natural anterior que non supere o 75% do SMI, excluída a parte proporcional de 2 pagas extraordinarias)

A contía do subsidio será igual ao 95% do IPREM durante os 180 primeiros días; ao 90% desde o día 181 ata o 360; e do 80% a partir do día 361.

A duración máxima do subsidio será de 30 meses, agás cando a persoa fose beneficiaria anteriormente dun ou dous dereitos ao programa de Renda Activa de Inserción, nese caso a duración máxima será de 20 e 10 meses, respectivamente.

1.11.4. Ingreso Mínimo Vital

Real Decreto-lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital

Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de Renda Activa de Inserción para persoas desempregadas con necesidades económicas especiais e dificultade para encontrar emprego

As mulleres **vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual** poderán ser beneficiarias do Ingreso Mínima Vital, cuxa finalidade é previr o risco de pobreza e exclusión social das persoas que viven soas ou están integradas nunha unidade de convivencia e carecen de recursos económicos básicos para cubrir as súas necesidades básicas, cando cumplan os requisitos esixidos, aínda que:

- o Non se lles esixirá o requisito de idade (con carácter xeral, o IMV é para persoas de polo menos 23 anos), só se esixirá ser maior de idade.
- o Non están obrigadas a estar unidas por matrimonio ou parella de feito.
- o Non se lles esixe o requisito de formar parte doutra unidade de convivencia.
- o Non se lles esixirá o prazo dun ano de residencia legal e efectiva en España de maneira continuada e ininterrompida inmediatamente anterior á data de presentación da solicitude cando acrediten a situación de violencia sexual por calquera dos medios establecidos no artigo 37 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

1.11.5. Prioridade no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para persoas maiores

Artigo 42 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

Real Decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono de Aluguer Xove e o Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025

Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de Renda Activa de Inserción para persoas desempregadas con necesidades económicas especiais e dificultade para encontrar emprego

O artigo 42 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, contempla que as Administracións públicas promoverán o acceso prioritario das vítimas de violencias sexuais ao parque público de vivenda e aos programas de axuda de acceso á vivenda.

Neste sentido, as vítimas de violencias sexuais constitúen un colectivo con dereito a protección preferente no acceso á vivenda e están incluídas nos seguintes programas do [Plan Estatal de Vivenda \(BOE\)](#):

- o **Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables.**
 - Este programa inclúe como beneficiarias as persoas vítimas de violencia de xénero, vítimas de trata con fins de explotación sexual e vítimas de violencia sexual.
 - Non poderán ser beneficiarias aquelas persoas que dispoñan dunha vivenda en propiedade ou en réxime de usufruto, que poidan ocupar após a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero, vítima de trata con fins de explotación sexual, ou vítima de violencia sexual.
 - Poderán ser beneficiarias as Administracións públicas, sociedades mercantís participadas maioritariamente polas distintas Administracións públicas, entidades de utilidade pública, sociedades públicas e entidades

benéficas, de economía colaborativa ou similares, sempre sen ánimo de lucro, cuxo obxecto sexa dotar dunha solución habitacional ás persoas vítimas de violencia de xénero, vítimas de trata con fins de explotación sexual ou vítimas de violencia sexual.

- Programa de posta a disposición de vivendas da SAREB e de entidades públicas para o seu aluguer como **vivenda social**. As vivendas cedidas pola SAREB ou entidade pública de que se trate deberán destinarse con carácter prioritario para satisfacer solucións habitacionais ás vítimas de violencia de xénero, vítimas de trata con fins de explotación sexual, vítimas de violencia sexual.

1.12. Dereito á reparación

Artigos 52, 53, 54, 55, 56, 57 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro de 2022, de garantía integral da liberdade sexual

As vítimas de violencias sexuais teñen **dereito á reparación**. Este dereito abrangue a indemnización económica polos danos e prexuízos materiais e morais, as medidas necesarias para a súa completa recuperación física, psíquica e social, así como as accións de reparación simbólica e as garantías de non repetición.

No tocante á **indemnización económica por danos e prexuízos** materiais e morais que corresponda ás vítimas de violencias sexuais, de acordo coas leis penais de responsabilidade civil v

- A perda de oportunidades, incluídas as oportunidades de educación, emprego e prestacións sociais
- Os danos materiais e a perda de ingresos, incluído o lucro cesante
- O dano social, entendido como o dano ao proxecto de vida.
- O tratamento terapéutico, social e de saúde sexual e reprodutiva

A indemnización será satisfeita pola ou polas persoas civil ou penalmente **responsables**, de acordo coa normativa vixente.

Nos casos de falecemento da vítima dalgunha das condutas previstas como [violencias sexuais](#), os seus fillos e fillas, calquera que sexa a natureza da súa filiación, por natureza ou adopción, poderán percibir unha **pensión** ou, se for o caso, unha **prestación de orfandade**, de acordo co disposto no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

1.13. Bolsas e axudas ao estudo

Real Decreto 201/2024, do 27 de febreiro, polo que se establecen os limiares da renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2024-2025, e se modifica parcialmente o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas

Ofrécese un tratamento específico para as solicitantes de bolsa que acrediten a condición de vítimas de violencia sexual, desde o 30 de xuño de 2023 ao 30 de xuño de 2025, os seus fillos e fillas menores de vinte e cinco anos, e as persoas

menores suxeitas á súa tutela ou garda ou custodia que soliciten esas bolsas e axudas ao estudo, sempre que cumpran todas as demais condicións previstas na normativa vixente. Sendo estas, a bolsa básica, ou bolsa de matrícula segundo corresponda, a contía fixa ligada á renda, a contía fixa ligada á residencia e a contía variable que resulte da aplicación da fórmula; sen que lles sexan de aplicación os requisitos establecidos en relación coa carga lectiva superada no curso 2023-2024 nin o límite do número de anos con condición de beneficiario ou beneficiaria de bolsas, nin tampouco a esixencia de superar unha determinada porcentaxe de créditos, materias, módulos ou o seu equivalente en horas no curso 2024-2025 para o que resultasen beneficiarias da bolsa.

As bolsas que traian causa da condición de vítimas de violencia sexual son compatibles coas axudas económicas a vítimas de violencias sexuais reguladas no Real Decreto 664/2024.

2. Dereitos das vítimas de violencias sexuais estranxeiras

2.1. Protección das vítimas de violencia sexuais estranxeiras en situación irregular

Artigo 31 bis da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social

Artigo 3.1 e 36 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

A Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, é de aplicación ás mulleres, nenas e nenos que fosen vítimas de violencias sexuais en España, independentemente da súa nacionalidade e da súa situación administrativa. Pola súa banda, establécese que as vítimas de violencias sexuais que estean en situación administrativa irregular **gozarán dos dereitos recoñecidos na Lei Orgánica en igualdade de condicións** que o resto das vítimas.

En consecuencia:

- o Se, ao denunciarse unha situación de violencia sexual, queda patente a situación irregular da muller estranxeira:
 - **Non se incoará o procedemento administrativo sancionador** por encontrarse irregularmente en territorio español.
 - **Suspenderase o procedemento administrativo sancionador** que se incoase pola comisión desa infracción con anterioridade á denuncia ou, se for o caso, a execución das ordes de expulsión ou de devolución eventualmente acordadas.
- o Concluído o procedemento penal:
 - **Cunha sentenza condenatoria** ou cunha resolución xudicial da que se deduza que a muller foi vítima de violencia sexual, incluído o arquivo da causa por encontrarse o imputado en paradiro descoñecido ou o sobresemento provisional por expulsión do denunciado, **concederase á muller estranxeira autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais** e, se for o caso, as autorizacións solicitadas a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de cubrir as súas propias necesidades.
 - **Cunha sentenza non condenatoria** ou cunha resolución da que non se poida deducir a situación de violencia sexual, denegarase á muller estranxeira a autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais e, se for o caso, as autorizacións solicitadas a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de cubrir as súas propias necesidades. Así mesmo, perderá efectividade a autorización provisional de residencia e traballo concedida á muller estranxeira e, se for o caso, as autorizacións provisionais concedidas aos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de cubrir as súas propias

necesidades. E incoarase ou continuará o procedemento administrativo sancionador por estancia irregular en territorio español.

- Se do procedemento penal concluído non se puidese deducir a situación de violencia sexual, incoarase o expediente administrativo sancionador por estancia irregular en territorio español ou continuarase, no suposto de que se suspendese inicialmente.

2.2. Dereito á protección internacional

Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria

- **O dereito de asilo.** Recoñecerase a condición de refuxiada a toda muller, nena, neno e adolescente que, por mor dun fundado temor a ser perseguida por **motivos** de raza, relixión, nacionalidade, opinións políticas, pertenza a determinado grupo social, **de xénero**, orientación sexual ou de identidade sexual, estea fóra do país da súa nacionalidade e non pode ou, por mor deses temores, non se quere acoller á protección de tal país, así como á muller, nena, neno e adolescente apátrida que, carecendo de nacionalidade e estando fóra do país onde antes tivese a súa residencia habitual, polos mesmos motivos non pode ou, por mor deses temores, non quere retornar a el.

Neste sentido, poden ser motivos de persecución baseados no xénero múltiples formas de violencia sobre a muller, tales como a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzado, a violencia sexual ou a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, sempre que, sexa como for, se cumpran os demais requisitos esixidos para o recoñecemento do dereito de asilo.

- Para que se recoñeza o dereito de asilo é preciso que o fundado temor das mulleres, nenas, nenos e adolescentes a ser obxecto de persecución estea baseado en actos de persecución que sexan graves e revistan a forma de actos de violencia física ou psíquica, incluídos os actos de violencia sexual.
- Para valorar os motivos de persecución deberánse valorar as circunstancias imperantes no país de orixe en relación coa situación do grupo social determinado.
- **A protección subsidiaria.** Outorgarase protección subsidiaria ás mulleres, nenas, nenos e adolescentes estranxeiras ou apátridas que, sen reunir os requisitos esixidos para obter asilo, padezan un risco real de sufrir un dano grave no caso de retornar ao seu país de orixe, ou ao da súa anterior residencia no caso das apátridas. O dano grave que dá lugar a protección subsidiaria consiste nalgún dos seguintes:
 - Pena de morte
 - Tortura ou tratos inhumanos ou degradantes
 - Ameazas graves contra a vida ou a integridade dos civís en situacións de conflito

3. Dereitos das vítimas de violencias sexuais españolas fóra do territorio nacional

As vítimas de violencias sexuais españolas que residen no estranxeiro, a miúdo están nunha situación de especial vulnerabilidade por mor das barreiras lingüísticas e culturais, a falta de apoios sociais ou ao descoñecemento dos recursos existentes no país. Por ese motivo, a Lei prevé que as Embaixadas e Oficinas Consulares de España no exterior, dentro dos seus deberes xerais de protección aos españois e españolas no exterior, asistan ás vítimas de violencia sexual, proporcionándolles orientación e acompañamento de maneira prioritaria dentro das súas capacidades.

O Protocolo asinado o 8 de outubro de 2015 polos entón Ministerios de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, persegue o establecemento dun marco común de colaboración para a realización de funcións nesta materia, ampara tamén ás vítimas de violencias sexuais, previndo e abordando as situacións de violencia sexual mediante a información sobre recursos dispoñibles no país de residencia, e facilitando a protección e retorno das mulleres vítimas e, se for o caso, dos seus fillos e fillas cando a situación o requirir, dentro do marco normativo vixente.

As Embaixadas e Consulados de España e as Consellerías de Traballo, Migracións e Seguridade Social facilitarán ás vítimas españolas información para contactar cos recursos especializados para vítimas de violencia sexual dispoñibles no país no que residan, así como orientación sobre os recursos médicos, educativos e legais que as autoridades locais poñen ao seu alcance perante situacións de violencia sexual. Así mesmo, as Embaixadas e Oficinas Consulares, en coordinación coa Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, facilitarán, se for o caso, a repatriación das vítimas a España.

Pola súa parte, a Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, no caso de retorno da vítima, realizará labores de coordinación coas Comunidades Autónomas co fin de garantir ás vítimas os dereitos que lles recoñece a normativa española e de facilitar a súa integración social.

BLOQUE 3

Dereitos das vítimas do delito dos que tamén son titulares as vítimas de violencia de xénero e as vítimas de violencias sexuais

A demais dos dereitos específicos que a Lei Orgánica 1/2004 recoñece ás mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero, e os dereitos que a Lei Orgánica 10/2022 recoñece ás vítimas de violencias sexuais, estas son beneficiarias dos dereitos que as leis recoñecen ás vítimas do delito, entre os que cómpre mencionar os seguintes:

1. Dereitos do Estatuto da vítima do delito

Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito

As vítimas de violencia de xénero e vítimas de violencias sexuais poden acceder ao catálogo xeral de dereitos, procesuais e extraprocesuais, recollidos no **Estatuto da vítima do delito**. No caso de falecemento ou desaparición da vítima directa da violencia de xénero ou sexual, os fillos e fillas da vítima, o cónxuxe non separado legal ou de feito, a persoa que estivese unida a ela por unha análoga relación de afectividade e os fillos e fillas destes últimos que convivisen coa vítima serán consideradas vítimas indirectas. A persoa responsable dos feitos delituosos non terá a consideración de vítima.

Algúns destes dereitos son:

- **Dereito á información** desde o primeiro contacto coas autoridades competentes, incluído o momento previo á presentación da denuncia.
- **Dereito**, no momento de presentar a denuncia, **a obter unha copia da denuncia**, debidamente certificada e, se for o caso, á tradución escrita da copia desta.
- A **notificación de determinadas resolucións** sen necesidade de que o soliciten, de maneira que estean informadas da situación penitenciaria do investigado, procesado ou condenado: as resolucións polas que se acorde non iniciar o procedemento penal, as que acorden a prisión ou a posterior posta en liberdade do infractor, así como a súa posible fuga; as resolucións que acorden a adopción de medidas cautelares persoais ou que modifiquen as xa acordadas, cando tivesen por obxecto garantir a seguridade da vítima.
- **Dereito a acceder, de forma gratuíta e confidencial, aos servizos de asistencia e apoio** facilitados polas Administracións públicas, así como aos que presten as Oficinas de Asistencia ás Vítimas. Estas Oficinas realizarán as seguintes funcións, entre outras:
 - O **apoyo emocional** ás vítimas e a asistencia terapéutica das vítimas que o precisen, garantindo a asistencia psicolóxica adecuada para a superación das consecuencias traumáticas do delito.
 - **Avaliación e asesoramento sobre as necesidades da vítima** e a forma de prever e evitar as consecuencias da vitimización primaria, reiterada e secundaria, a intimidación e as represalias.
 - A elaboración dun **plan de apoio psicolóxico** para as vítimas vulnerables e nos casos en que se aplica a orde de protección.
 - A **información sobre os servizos especializados dispoñibles** que poidan prestar asistencia á vítima, á luz das súas circunstancias persoais e a natureza do delito de que puidese ser obxecto.
 - O **acompañamento** da vítima durante o proceso.
- Recibir a **comunicación das resolucións** ás que se refire o artigo 7.1 do Estatuto da vítima do delito (a sentenza ou as resolucións que adopten medidas cautelares, entre outras) e realizar as actuacións de información e asistencia que, no seu caso, foren necesarias.

- o **Dereito a exercer a acción penal e a acción civil**, consonte o disposto na Lei de Xuizamento Criminal. Poden participar na execución, mediante a interposición de recurso contra determinadas resolucións xudiciais, aínda que non fosen parte na causa:
 - O auto polo que o Xuíz de Vixilancia Penitenciaria **autoriza a posible clasificación do penado en terceiro grao** antes de que se extinga a metade da condena.
 - O auto polo que o Xuíz de Vixilancia Penitenciaria acorde que os beneficios penitenciarios, **os permisos de saída, a clasificación en terceiro grao** e o cómputo de tempo para a liberdade condicional se refiran ao límite de cumprimento de condena, e non á suma das penas impostas.
 - O auto polo que se concede ao penado **a liberdade condicional**.

2. Dereito a formular denuncia

Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito

As vítimas teñen dereito a denunciar as situacións de violencia de xénero e violencias sexuais sufridas.

A través da denuncia ponse en coñecemento das autoridades correspondentes a comisión dun feito que pode ser constitutivo dun delito.

Após a presentación da denuncia e a súa remisión á autoridade xudicial, se esta entende que existen indicios de que se cometeu un feito delituoso, iniciará as correspondentes actuacións penais.

3. Dereito das vítimas á protección durante o proceso xudicial

3.1. No ámbito da violencia de xénero

A orde de protección é unha resolución xudicial que dita o órgano xudicial competente nos casos en que, existindo indicios fundados da comisión dun delito de **violencia de xénero**, aprecia a existencia dunha situación obxectiva de risco para a vítima que require a adopción de medidas de protección durante a tramitación do proceso penal.

A orde de protección contempla nunha única resolución medidas cautelares de natureza penal e civil a favor da muller vítima de violencia de xénero e, se for o caso, dos seus fillos e fillas; e activa ao mesmo tempo os mecanismos de protección social establecidos a favor da vítima polas distintas Administracións Públicas. Coa orde de protección acréditase a situación de violencia de xénero que dá lugar ao recoñecemento dos dereitos que establece a Lei Orgánica 1/2004.

As **medidas cautelares de natureza penal** que pode adoptar a autoridade xudicial poden ser unha ou algunhas das seguintes:

- **Desaloxo do agresor do domicilio familiar.**
- **Prohibición de residir en determinada poboación.**
- **Prohibición de que** o agresor se achegue á vítima á distancia que se determine.
- Prohibición de que o agresor se comunique coa vítima e/ou cos seus familiares ou outras persoas por calquera medio: carta, teléfono, etc.
- Prohibición ao agresor de achegarse a determinados lugares: centro de traballo da vítima, centro escolares dos fillos, etc.
- Omisión de datos relativos ao domicilio da vítima.
- Protección xudicial da vítima nas oficinas xudiciais.
- Incautación de armas e prohibición de tenencia.

As **medidas de natureza civil** poden ser as seguintes:

- Atribución do uso e goce da vivenda familiar.
- Determinación do réxime de garda e custodia dos fillos menores.
- Determinación do réxime de visitas, comunicación e estancia cos menores.
- Fixación dunha prestación de alimentos.
- Calquera outra medida que for necesaria para afastar os menores dun perigo ou evitarlles prexuízos.

A solicitude pode efectualala a propia vítima, os seus familiares máis próximos, o seu avogado/a ou o Ministerio Fiscal. Sen prexuízo do deber de denuncia, os servizos sociais que coñezan a súa situación deberán poñelos en coñecemento do órgano xudicial ou do Ministerio Fiscal para que se poida incoar ou instar o procedemento para a adopción da orde de protección. Cando existan menores, o Xuíz deberá pronunciarse en todo caso, mesmo de oficio, sobre a pertinencia da adopción das medidas civís.

É aconsellable solicitar a orde de protección no mesmo momento no que se presenta a denuncia, aínda que tamén se pode solicitar con posterioridade.

Cando non se presenta denuncia, a propia solicitude da orde de protección ten esta consideración, en canto aos feitos e situacións de violencia relatados nela.

O Xulgado debe ditar a orde de protección no prazo máximo de 72 horas desde a súa presentación, após unha comparecencia da vítima e do agresor. A Lei establece que esta comparecencia deberá ser realizada por separado, evitando así a confrontación entrambos.

O artigo 544 bis da Lei de Axuizamento Criminal establece que, no caso de acordar algunha das medidas de protección da vítima previstas neste precepto, poderá acordarse mediante resolución motivada a utilización de dispositivos telemáticos para o control do seu cumprimento.

3.2. No ámbito das violencias sexuais

No marco dun proceso penal iniciado pola comisión de calquera dos delitos contra a liberdade sexual previstos no Código Penal, o órgano xudicial poderá adoptar calquera das medidas cautelares de carácter penal recollidas na lexislación procesual criminal, como a prisión provisional ou a prohibición de achegamento e/ou comunicación coa vítima, co fin de garantir tanto o desenvolvemento do proceso penal como a efectividade do pronunciamento xudicial que finalmente se adopte.

Así mesmo, tamén se poderán adoptar medidas cautelares de natureza civil cando o órgano xudicial así o decida, que deberán ser solicitadas pola vítima ou o seu representante legal, ou ben polo Ministerio Fiscal cando existan fillos menores ou persoas coa capacidade xudicialmente modificada, determinando o seu réxime de cumprimento e, se for o caso, as medidas complementarias a elas que fosen precisas, sempre que non fosen previamente acordadas por un órgano da orde xurisdiccional civil, e sen prexuízo das medidas previstas no artigo 158 do Código Civil.

O artigo 544 bis da Lei de Axuizamento Criminal establece que, no caso de que se investigue algún dos delitos mencionados no artigo 3 da Lei Orgánica de Garantía Integral da Liberdade Sexual², de acordarse algunha das medidas de protección da vítima previstas neste precepto, poderá acordarse mediante resolución motivada a utilización de dispositivos telemáticos para o control do seu cumprimento.

4. Dereito a solicitar unha orde europea de protección

Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea

A vítima de violencia de xénero ou violencia sexual que se vaia trasladar a outro Estado membro da Unión Europea para residir ou permanecer nel, e sexa beneficiaria dunha medida de protección adoptada, como medida cautelar ou como pena privativa de dereitos, nunha orde de protección, auto de medidas cautelares ou sentenza, pode solicitar a adopción da orde europea de protección perante o órgano xudicial competente.

A orde europea de protección emitida polo órgano xudicial documentarase nun certificado, que se transmitirá á autoridade competente do outro Estado membro para que proceda á súa execución.

² No artigo 3 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, recolle: *"En todo caso, considéranse violencias sexuais os delitos previstos no Título VIII do Libro II da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzado, o acoso con connotación sexual e a trata con fins de explotación sexual. Prestarase especial atención ás violencias sexuais cometidas no ámbito dixital, o que comprende a difusión de actos de violencia sexual, a pornografía non consentida e a infantil en todo caso, e a extorsión sexual a través de medios tecnolóxicos"*.

5. Dereito a ser parte no procedemento penal: o ofrecemento de accións

Artigos 109 e seguintes da Lei de Axuizamento Criminal

No acto en que o Xuíz reciba a declaración da vítima, o Letrado da Administración de Xustiza instruíralle o dereito que o asiste para comparecer no proceso e renunciar ou non á restitución da cousa, reparación do dano e indemnización do prexuízo causado polo feito punible.

O exercicio deste dereito, que supón **a intervención activa da vítima de violencia de xénero ou violencia sexual no proceso xudicial que se tramita após a súa denuncia e o exercicio da acción penal** e, se for o caso, da acción civil, realízase mediante a comparecencia da vítima nas actuacións penais como acusación particular. Para iso, a vítima debe designar un/unha avogado/a en defensa dos seus intereses e un procurador para a súa representación.

Ademais, as vítimas que non renunciaren ao seu dereito poderán exercer a acción penal en calquera momento antes do trámite de cualificación do delito.

A designación de avogado e procurador pódese realizar por libre elección da vítima ou a través da Quenda de Oficio. Neste sentido, a Lei contempla **o dereito das vítimas de violencia de xénero e de violencia sexual a ser beneficiarias de asistencia xurídica gratuíta nos procesos derivados da violencia**, sen prexuízo do seu dereito por razón da súa situación socioeconómica a través do réxime xeral.

A comparecencia e conseguinte condición de “parte” no proceso penal implica que a vítima, a través do seu avogado, poida propoñer dilixencias de proba, intervir na práctica destas, e coñecer todas as resolucións que se diten durante a tramitación do proceso, podendo, se non está de acordo, presentar os recursos que procedan.

Así mesmo, como acusación particular, a vítima poderá solicitar a condena do agresor e unha indemnización polas lesións, danos e prexuízos sufridos.

Independentemente de que a vítima compareza ou non como acusación particular no proceso penal derivado da súa denuncia, o Ministerio Fiscal ten encomendada a defensa dos intereses das vítimas e prexudicados nos procesos penais. Se chega á convicción de que se cometeu un delito, dirixirá a acusación contra quen considere responsable. Se non chega a esa convicción, non formulará a acusación ou poderá solicitar o arquivo do procedemento, por exemplo, se considera que non existen suficientes probas dos feitos.

6. Dereito á restitución da cousa, reparación do dano e indemnización do prexuízo causado

Artigos 100 e seguintes da Lei de Axuizamento Criminal

A comisión dun delito obriga a reparar os danos e prexuízos causados. Esta responsabilidade civil comprende a restitución da cousa, a reparación do dano e a indemnización de prexuízos materiais e morais.

En caso de que a vítima exercese a acción civil (para esixir a responsabilidade civil) no proceso penal, na sentenza que se dite, e sempre que esta sexa condenatoria, ademais da pena que no seu caso lle sexa imposta ao culpable, fixarase cal é a responsabilidade civil polos danos físicos, psicolóxicos ou morais causados á vítima polo delito.

Non obstante, a vítima poderá reservarse o seu dereito a exercer a acción civil nun proceso distinto ante os Xulgados de Orde Civil, de forma que no proceso penal non se exercitará a acción civil. Tamén pode renunciar a calquera reclamación que, neste sentido, lle puidese corresponder.

7. Dereito a recibir información sobre as actuacións xudiciais

A vítima, aínda que non exerza o seu dereito a intervir no proceso penal, debe ser informada do seu papel neste e do alcance, desenvolvemento e a marcha do proceso. A información á vítima dos seus dereitos corresponde tanto ás Forzas e Corpos de Seguridade, ao Xulgado e ás Oficinas de Asistencia á Vítima.

O contido desa información comprenderá:

O seu dereito a comparecer como parte no proceso penal e renunciar ou non á restitución da cousa, reparación do dano e indemnización do prexuízo causado polo feito delituoso.

A posibilidade e o procedemento para solicitar as axudas que conforme á lexislación vixente lle poden corresponder. Información sobre o estado das actuacións xudiciais, a examinalas, así como a que se lle expidan copias e testemuños (Artigo 234 da Lei Orgánica do Poder Xudicial).

Debe serlle comunicada calquera resolución que poida afectar á súa seguridade, a adopción ou modificación doutras medidas cautelares, os autos que acordan a prisión ou a liberdade provisional do imputado e a situación penitenciaria do agresor (Artigos 109, 506.3, 544 bis e ter da Lei de Axuizamento Criminal).

Ten de ser informada do lugar e data de celebración do xuízo oral (Artigos 785.3, 962 e 966 da Lei de Axuizamento Criminal).

Debe serlle notificada a sentenza, tanto de instancia como, se for o caso, a que resuelva o recurso de apelación. (Artigos 270 da Lei Orgánica do Poder Xudicial; artigos 789.4, 973.2 e 976.3 da Lei de Axuizamento Criminal). Así mesmo, debe serlle notificado o sobresemento do proceso (Artigo 636 da Lei de Axuizamento Criminal).

8. Dereito á protección da dignidade e intimidade da vítima no marco dos procesos relacionados coa violencia de xénero e violencias sexuais

Artigo 63 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

Artigo 50 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual

Artigo 232.2 da Lei Orgánica Poder Xudicial

Artigos 19 e seguintes da Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima de delito; artigo 15.5 da Lei 35/1995, de Axudas e Asistencia a Vítimas de Delitos Violentos e contra a Liberdade Sexual

Artigos 2.a) e 3.1 da Lei Orgánica 19/1994, de Protección de Testemuñas e Peritos en Causas Criminais

Con respecto ás **vítimas de violencia de xénero**, a Lei Orgánica 1/2004 prevé medidas específicas de protección da dignidade e intimidade da vítima. Por un lado, establécese que os datos persoais desta, dos seus descendentes e das persoas que estean baixo a súa garda ou custodia, teñan carácter reservado. A reserva do novo domicilio, centro de traballo ou colexios dos fillos non só preservan a intimidade da vítima, senón que, ademais, é un instrumento importante para a súa seguridade, ao evitar que estes datos poidan chegar a coñecemento do imputado. Con esta mesma finalidade, o modelo de solicitude da orde de protección dispón que a vítima pode indicar un enderezo ou teléfono dunha terceira persoa á que as Forzas e Corpos de Seguridade ou os órganos xudiciais poderán facer chegar as comunicacións ou notificacións.

Con relacións ás **vítimas de violencias sexuais**, a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, recolle unha serie de medidas específicas de protección da dignidade e intimidade das vítimas. Así, establece que, nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia sexual, se protexerá a intimidade das vítimas, e en especial os seus datos persoais.

A Axencia Española de Protección de Datos, no marco das súas competencias, garantirá unha protección específica dos datos persoais das vítimas nos casos de violencia sexual, especialmente cando esta se perpetúe a través das tecnoloxías da información e a comunicación. Para isto, a Axencia garantirá a dispoñibilidade dunha canle accesible e segura de denuncia da existencia de contidos ilícitos en Internet, que comporten un menoscabo grave do dereito á protección de datos persoais ([Ligazón á canle de denuncia](#)).

Por outro lado, tanto no ámbito da violencia de xénero como no ámbito da violencia sexual, a Lei do **Estatuto da vítima do delito** reconece o dereito das vítimas á protección da súa intimidade no **marco do proceso penal**, e, neste sentido, obriga a xuíces, fiscais, funcionarios encargados da investigación e calquera persoa que de calquera xeito interveña ou participe no proceso, a adoptar as medidas necesarias para protexer a intimidade das vítimas e dos seus familiares, de acordo co disposto na Lei. En particular, respecto das vítimas menores de idade ou de vítimas con discapacidade necesitadas de especial protección, deberán adoptar as medidas para impedir a difusión de calquera tipo de información que poida facilitar a súa identificación.

A este respecto, segundo a Lei de Xuizamento Criminal, o Xuíz poderá acordar, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou da vítima, a adopción de calquera das medidas seguintes cando resulte necesario para protexer a intimidade da vítima ou o respecto debido a esta ou á súa familia:

- **Prohibir a divulgación ou publicación de información relativa á identidade da vítima**, de datos que poidan facilitar a súa identificación de forma directa ou indirecta, ou aquelas circunstancias persoais que fosen valoradas para resolver sobre as súas necesidades de protección.
- **Prohibir a obtención, divulgación ou publicación de imaxes** da vítima ou dos seus familiares.

Así mesmo, o Xulgado poderá acordar, de oficio ou a instancia da propia vítima ou do Ministerio Fiscal, que as actuacións xudiciais non sexan públicas e que as vistas se celebren a porta pechada.

9. Axudas ás vítimas de delitos considerados violencia de xénero e violencias sexuais

Lei 35/1995, do 11 de decembro, de Axudas e Asistencia ás Vítimas de Delitos Violentos e contra a Liberdade Sexual Regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, aprobado por Real Decreto 738/1997, do 23 de maio

Trátase de **axudas públicas en beneficio das vítimas directas e indirectas** dos delitos dolosos e violentos, cometidos en España, co resultado de morte, ou de lesións corporais graves, ou de danos graves na saúde física ou mental; así como en beneficio das vítimas de violencias sexuais no sentido da Lei Orgánica de garantía integral da liberdade sexual, incluídas as vítimas de homicidio subseguinte a un delito contra a liberdade sexual.

Respecto aos/ás **beneficiarios/as** que contempla a lei para estas axudas, poderán acceder ás axudas as mulleres nacionais de calquera outro Estado que estean en España, sexa cal for a súa situación administrativa, cando a afectada sexa vítima de violencias sexuais no sentido da Lei Orgánica de garantía integral da liberdade sexual, incluídas as vítimas de homicidio subseguinte a un delito contra a liberdade sexual, ou vítima de violencia de xénero nos termos previstos na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a Violencia de Xénero.

A **condición de vítima** de violencia de xénero ou violencia sexual **deberá acreditarse** por calquera dos seguintes medios de proba:

- A través da sentenza condenatoria.
- A través da resolución xudicial que for acordada como medida cautelar de protección da vítima, a prohibición de aproximación ou a prisión provisional do inculpado.
- Da forma establecida no artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, ou no artigo 36 da Lei Orgánica de garantía integral da liberdade sexual.

No caso de **falecemento** como consecuencia da violencia sufrida, os requisitos de acreditación serán esixibles respecto das persoas beneficiarias a título de vítimas indirectas, con independencia da nacionalidade ou residencia habitual da vítima falecida.

Serán consideradas a **título de vítimas directas**, e, polo tanto, poderán acceder a estas axudas, as persoas que sufran lesións corporais graves ou danos graves na súa saúde física ou mental como consecuencia directa do delito, incluídas as vítimas da violencia vicaria, prevista no artigo 1.4. da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, cando o seu familiar ou achegado menor de idade faleza como consecuencia do delito.

Son beneficiarias a **título de vítimas indirectas**, en caso de morte, e con referencia sempre á data desta, as persoas que reúnan as condicións que se indican continuación:

- O cónxuxe da persoa falecida, se non estivese separado legalmente, ou a persoa que convivise coa persoa falecida de forma permanente con análoga relación de afectividade á de cónxuxe, con independencia da súa orientación sexual, durante, polo menos, os dous anos anteriores ao momento do falecemento, agás cando tivesen descendencia común, en cuxo caso abondará coa mera convivencia.
- Os fillos da persoa falecida, que dependesen economicamente desta, con independencia da súa filiación ou da súa condición de póstumos. Serán entendidos como economicamente dependentes do falecido os fillos menores de idade e maiores incapacitados.
- Os fillos que, non séndoo da persoa falecida, o fosen das persoas referidas no parágrafo a) anterior, sempre que fosen dependentes economicamente da persoa falecida.
- Na falta das persoas contempladas polos parágrafos a), b) e c) anteriores, serán beneficiarios os pais da persoa falecida se dependesen economicamente dela.
- Os pais do menor de idade que faleza a consecuencia directa do delito.

O **prazo** para solicitar estas axudas é de cinco anos, empezando a contarse en todo caso desde que recaia resolución xudicial firme ou desde o momento en que se acredite a súa condición de vítima.

O **importe** das axudas non poderá superar en ningún caso a indemnización fixada na sentenza e calcúlase mediante a aplicación duns criterios en función do tipo de axuda.

- No suposto de que a afectada sexa **vítima de violencias sexuais ou vítima de violencia de xénero**, o importe da axuda, calculado de acordo cos criterios xerais establecidos na Lei 35/1995, do 11 de decembro, incrementarase nun vinte e cinco por cento.
- Nos **casos de morte consecuencia de violencias sexuais ou da violencia de xénero**, a axuda será incrementada nun vinte e cinco por cento para beneficiarios fillos menores de idade ou maiores respecto dos que se establecesen xudicialmente medidas de apoio.

Pódense conceder **axudas provisionais** con anterioridade a que recaia resolución xudicial firme que poña fin ao proceso penal, sempre que quede acreditada a precaria situación económica en que quedase a vítima ou os seus beneficiarios. Nos supostos en que a vítima do delito teña a consideración de vítima de violencias sexuais ou de violencia de xénero, poderán concederse as axudas provisionais sexa cal for a situación económica da vítima ou dos seus beneficiarios.

TELÉFONOS DE INFORMACIÓN

Ámbito estatal	016 Persoas con discapacidade auditiva: 900 116 016
Andalucía	900 200 999
Aragón	900 504 405
Canarias	112
Cantabria	942 214 141
Castela-A Mancha	900 100 114
Castela e León	012
Cataluña	900 900 120
Estremadura	
Galicia	900 400 273
Illas Baleares	971 178 989
A Ríoxa	900 711 010
Madrid	012
Navarra	
País Vasco	900 840 111
Principado de Asturias	985 962 010
Rexión de Murcia	112
Comunidade Valenciana	900 580 888
Ceuta	900 700 099
Melilla	

Máis información: nos Organismos de Igualdade das Comunidades Autónomas, nos Centros de Atención á Muller autonómicos e locais, nas Oficinas de Asistencia ás Víctimas, nos Servizos de Orientación Xurídica dos Colexios de Avogados e nas diferentes organizacións de mulleres e de estranxeiros.

Páxina web da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero:
<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/instituciones/home.htm>

Esta guía ten carácter orientativo e carece de validez legal.

En ningún caso substitúe a unha asistencia xurídica especializada.